

Proxecto Curricular do Departamento Inglés

1º e 2º Bacharelato

Centro IES XUNQUEIRA I

Rúa ALEXANDRE BÓVEDA

Localidade PONTEVEDRA Provincia PONTEVEDRA Código Postal 36005

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS: INGLÉS

1 Carmela Torres Fondevila

2 Carmina Aguado Madrigal

3 Cecilia Sabater Díaz

4 Arturo Neira Rodríguez

5 Ana Fontenla Rodríguez

INDICE	PAX.
A-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN	2
B-OBXECTIVOS	4
C-CONTIDOS	5
C/D/F-CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN (incluídos en cada unidade)	6
E TEMPORALIZACIÓN	7
F- MÍNIMOS EXIXIBLES	66
G/H- ACTIVIDADES E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN	67
I-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	67
J-PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS.	67
K-CRITERIOS DE PROMOCIÓN	68
L-METODOLOXÍA DIDÁCTICA	68
M-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.	69
N-PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS	71
O-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	71

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

1 Carmela Torres Fondevila (mestra)	
2 Carmina Aguado Madrigal	
3 Cecilia Sabater Díaz	
4 Arturo Neira Rodríguez	Xefe de Departamento
5 Ana Fontenla Rodríguez	

A-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Distribución do alumnado:

Curso	Nº de alumnos/as	Nº de grupos
1º BACHARELATO		4
2º BACHARELATO		5

Recursos materiais dispoñíbeis no centro

- Aula do departamento con nova instalación multimedia.
- Aula de vídeo
- Radiocasete/ reprodutor CD (un por profesor do departamento)
- Cámara de vídeo
- Ordenadores
- Acceso a Internet.
- Pequena biblioteca de departamento.
- Encerado Dixital Interactivo

Características do alumnado

PERFIL DO CENTRO

<i>Nivel social</i>		Medio	Baixo	Mixto
<i>Zona</i>		Barrio periférico	Vila	Rural
<i>Nº de alumnos de integración</i>				

1-XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO

Os alumnos de Bacharelato necesitan consolidar o que aprenderon durante a súa etapa anterior pero, ao mesmo tempo, necesitan desenvolver dunha forma máis autónoma estratexias de aprendizaxe máis especializadas. Neste sentido, este proxecto reforza e consolida, tanto os contidos aprendidos na ESO coma as estratexias comunicativas e a súa capacidade para analizar e reflexionar sobre a lingua con maior autonomía.

Os intereses e a capacidade de aprendizaxe dos alumnos en Bacharelato son tan diversos como a súa motivación e, por iso, para estimular o interese e crear unha actitude positiva e crítica cara á aprendizaxe do inglés, abordamos unha gran variedade de temas, previamente seleccionados polo seu interese e calidade, que abarcan dende o deporte, a ciencia, a tecnoloxía, a arte e os medios de comunicación ata a política, a economía ou a cultura. Estes temas cumpren unha dobre función: conectar con outras áreas do currículo e animar os alumnos/as a recoñecer e reflexionar sobre a importancia do coñecemento dunha lingua distinta á propia na sociedade actual axudándoos así na súa incorporación futura ao mundo laboral.

Para favorecer o exposto ata o momento, o curso aséntase sobre tres alicerces fundamentais:

- **Selección de textos e apoios visuais:** os textos están escollidos en función do seu posíbel interese para o alumno: páxinas de diarios, descrições, artigos xornalísticos e científicos, biografías, textos narrativos e argumentativos, ensaios.
- **Tipoloxía das actividades:** as tarefas enfócanse cara ao desenvolvemento da competencia comunicativa no ámbito das destrezas lingüísticas, incluíndo as catro subcompetencias discursiva, sociolingüística, lingüística e estratéxica:

Comprensión oral e escrita: actividades que perseguen dende a comprensión global ata o detalle da comprensión específica.

Expresión escrita: completar esquemas, corrixir erros, seleccionar ideas, responder a cuestionarios, ordenar e completar frases, redactar todo tipo de textos, traballar o seu estilo.

Expresión oral: tratase de que os alumnos se afagan a dar a súa opinión dende o principio, cunha actividade introdutoria. As actividades van da pregunta directa ao traballo por parellas ou en grupos reducidos.

- **Procesos de reflexión e análise de estratexias:** neste nivel de educación postobligatoria, os alumnos teñen maior capacidade para formular regras de funcionamento da lingua estranxeira, así como para reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe. Incidese sistematicamente, ao longo dos dous cursos, nas diversas estratexias tanto comunicativas como de aprendizaxe autónoma: predición de contidos, corrección de erros, indución de regras, adquisición de estratexias.

B-OBXECTIVOS

1. Utilizar a lingua estranxeira de forma oral e escrita para comunicarse con fluidez e corrección en situacións reais diversas de xeito claro, persoal e creativo.
2. Comprender e interpretar criticamente os textos orais, escritos e visuais emitidos en situacións de comunicación habitual e polos medios de comunicación.
3. Ler de xeito autónomo textos de temática xeral ou adecuados aos seus intereses, comprender os seus elementos esenciais e captar a súa función e organización discursiva.
4. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu propio coñecemento do mundo e aspectos lingüísticos tales como formación de palabras, prefixos e sufixos, sinónimos e antónimos, etc.
5. Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira na comunicación, co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas, en situacións cada vez máis variadas e imprevistas.
6. Reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, na corrección e na avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
7. Coñecer os aspectos fundamentais do medio sociocultural propio da lingua estudada para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.
8. Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e outras culturas, e recoñecer a importancia que ten para unha mellor comprensión da lingua e cultura propias, e como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural.
9. Valorar criticamente outros modos de organizar a experiencia e estruturar as relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e das normas culturais.

C-CONTIDOS

2-MATERIAL DIDACTICO

-1º curso *Student's Book* "English in Context 1" Editorial OUP.

-2º curso *Student's Book* "English in Context 2" Editorial OUP.

As unidades principais dos dous textos presentan a seguinte estrutura:

- **Set the context:** tarefas de expresión e comprensión oral e escrita que anticipan o tema da unidade. Estas tarefas están guiadas e danlles aos alumnos a oportunidade de expresar as súas ideas ou opinións sobre o tema tratado.

- **Grammar in context:** trabállanse fundamentalmente formas lingüísticas e aspectos lexicosemánticos. Os alumnos deben reflexionar sobre a linguaxe utilizando diversas estratexias (comparar, completar regras gramaticais, etc.), para pasar logo a realizar unha práctica máis extensiva das estruturas presentadas.
- **Reading:** un texto principal da unidade con diversas tarefas de comprensión: preguntas de verdadeiro ou falso, dedución de vocabulario, preguntas abertas, etc. Trabállanse estratexias de lectura (identificar tipos de textos, predicir ou distinguir entre opinións e feitos).
- **Words in context:** trabállanse aspectos lexicosemánticos, non só mediante actividades que practican o léxico, senón tamén a través da análise e da reflexión: modo de recompilar vocabulario, deducir o seu significado polo contexto, organizalo por grupos semánticos, etc.
- **Communication:** *Listening/Speaking:* os textos orais reflicten unha variedade de situacións e contextos con diferentes tipos de falantes. As tarefas de comprensión aparecen cuidadosamente graduadas.
- **Writing:** os alumnos aprenden estratexias de escritura paso a paso (*brainstorming*, estruturación en parágrafos, identificación dos elementos formais dos diferentes tipos de textos, atención ao estilo, aos temas e á cohesión). Preséntanse textos de modelo a partir dos cales se traballa co fin de mellorar a produción escrita.

CLASS CD

- Actividades de pronunciación e comprensión oral.
- Textos de lectura da unidade.

STUDENT'S CD-ROM

Actividades lúdicas de práctica gramatical e de vocabulario para consolidar os coñecementos adquiridos nas unidades principais do curso.

C/D -CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN (incluídos en cada unidade)

F -TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRO CURSO

PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS DE *ENGLISH IN CONTEXT*

Os contidos preséntanse de acordo aos tres grandes bloques que marca o Real decreto:

- **Habilidades comunicativas:** céntranse, basicamente, en contidos relacionados coas destrezas de expresión e comprensión oral e escrita, incluíndo ademais aspectos esenciais da subcompetencias estratéxica e discursiva.
- **Reflexións sobre a lingua:** trátanse diversos contidos lingüísticos e lexicosemánticos que veñen formulados a través de funcións da linguaxe e temas o léxico relacionado cos distintos temas.
- **Aspectos socioculturais:** inclúe trazos socioculturais que definen a cultura dos países onde se utiliza a lingua estranxeira. Do mesmo xeito, a través deste curso os alumnos teñen a oportunidade de contrastar e avaliar a súa experiencia sociocultural determinada polo país no que viven coa dos países de fala inglesa comparando os diferentes valores, normas e estereotipos.

Estes contidos desenvólvense exhaustivamente na secuenciación por unidades que figura a continuación.

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

PRIMEIRA AVALIACIÓN

UNIT 1: Celebrations

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre celebracións especiais e sobre gustos e preferencias, utilizando as fórmulas e estratexias adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais nunha entrevista na que se pregunta sobre as actividades máis habituais en Halloween.
3. Entender información esencial dun texto escrito sobre Islandia e as actividades especiais que se organizan ao longo do inverno anticipando e deducindo datos a partir do contexto.
4. Utilizar estratexias para mellorar a comprensión: identificar a idea principal dun texto.
5. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para expresar gustos e preferencias, hábitos e experiencias recentes, así como utilizar os tempos verbais apropiados.
6. Comprender e valorar de xeito crítico outros modos de organizar a experiencia: distintas formas de gozar do tempo libre e as festividades máis importantes de cada cultura.
7. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
8. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.
9. Valorar o inglés como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: celebracións e festas.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir dun contexto para predicir información xeral ou específica doutras persoas en contextos culturais diferentes ao propio.
3. Participa en conversas sobre os gustos e preferencias da xente respecto de afeccións, deportes e actividades de tempo libre en xeral (preguntando e dando opinión), utilizando as estratexias e fórmulas adecuadas para que a mensaxe sexa coherente e se poida establecer a comunicación.
4. Sabe escribir unha carta informal dirixida a un amigo describindo algunha celebración familiar ou cultural, utilizando as estratexias adecuadas que lle faciliten o labor.

5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para expresar gustos e preferencias, costumes e experiencias: *Present Simple and Continuous, Stative verbs, Present perfect simple; for and since; already and yet*.
6. Coñece e utiliza o vocabulario apropiado para falar de celebracións e acontecementos, sabe utilizar a preposición correspondente a determinados adxectivos, así como aqueles *phrasal verbs* relacionados coas reunións festivas.
7. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer unha comunicación fluída e coherente.
8. Entende e valora que hai outras formas distintas da propia de organizar a vida e o tempo libre, así como de celebrar determinados acontecementos.
9. Coñece algúns datos culturais sobre o Festival de Edimburgo, sobre Islandia e outras celebracións de todo o mundo.
10. É consciente do vehículo que supón o inglés para entender outras realidades e como axuda para afondar na cultura propia.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo ás actividades de lecer dos mozos islandeses durante o inverno (*Chilling out in Iceland*).

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido ao inverno islandés e ás actividades de lecer dos mozos islandeses.
- Obtención de información global e específica deste texto, así como a ideas principais deste antes da lectura.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: como presentarse a alguén e manter unha primeira conversa sobre gustos e preferencias.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: como se celebran determinadas festas.
- Descrición oral de imaxes relacionadas con celebracións típicas doutros países e culturas.
- Predición e dedución de información a partir de preguntas relacionadas co tema do que tratará o texto (falar sobre unha estación do ano en particular).
- Argumentación oral a favor ou en contra de determinadas actividades relacionadas con celebracións.
- Expresións para expresar gustos e preferencias en distintos graos.

LISTENING

- Predición do tema e os contidos dunha entrevista feita a uns adolescentes sobre como celebran a festa de Halloween, a través das preguntas suscitadas e das imaxes presentadas.
- escoita comprensiva da devandita entrevista para extraer información global e específica.
- escoita comprensiva dun diálogo entre adolescentes no seu primeiro encontro (*Introductions*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre a orde das palabras na oración para que os escritos melloren en corrección e comprensión.
- Redacción dunha carta informal utilizando as seguintes pautas:
 - Decidir o tema da carta: que celebración se vai describir.
 - Facer unha lista das actividades máis representativas relacionadas coa devandita celebración.
 - Escribir a carta seguindo un esquema de organización de contidos por parágrafos co fin de conseguir un texto coherente.
 - Revisar a presentación, o contido, a corrección da orde das palabras e o rexistro utilizado.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Describir a aparencia física, estado de saúde, carácter, gustos e intereses.

Comparar, contrastar e diferenciar entre datos e opinións. Expresar preferencias.

Expresar cambios e acontecementos recentes.

- Present simple and present continuous
- Stative verbs
- Present perfect simple

B. Léxico – semántico

- Datas e ocasións especiais
- Adxectivo + preposición
- Phrasal verbs (1): *having a party*

C. Fonética

- O alfabeto fonético

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada: presentacións.

- Identificación de costumes propios dos países de fala inglesa: festivais, celebracións especiais.
- Contraste entre aspectos culturais da vida cotiá nos países de fala inglesa e os propios da contorna do alumno.

UNIT 2: Home and away

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre experiencias relacionadas coas viaxes e coas estancias en lugares moi distintos ao de residencia, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre a descrición da experiencia dunha voluntaria en Tanzania e as dificultades coas que se atopou.
3. Entender información esencial nun texto escrito que trata dos cambios que experimentaron dous adolescentes ao mudarse desde España a Australia, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan pescudar o significado de certas palabras utilizando a morfoloxía e a sintaxe do contexto.
4. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas e os verbos adecuados para describir accións e estados pasados e os cambios que se produciron no presente.
5. Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia: formas diferentes de adaptarse aos cambios, de viaxar.
6. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
7. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.
8. Valorar o inglés como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O alumno/a alumna é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: as viaxes e as estancias no estranxeiro.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir do contexto para captar información esencial sobre a vida en Australia.
3. Sabe falar sobre as experiencias vividas e preguntar polas alleas, utilizando as estratexias e fórmulas adecuadas para que a mensaxe sexa coherente e se poida establecer a comunicación.
4. Sabe escribir un texto describindo un lugar comparándoo co de residencia habitual.
5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para utilizar os tempos verbais de pasado para expresar acontecementos xa ocorridos e a súa repercusión no presente: *Past simple and continuous, Present perfect and Past simple e Past perfect simple, Used to*.
6. Coñece e utiliza vocabulario apropiado para describir lugares, comparalos con outros e matizar os adxectivos con intensificadores (*too/enough*).
7. Sabe ampliar o seu vocabulario mediante o uso de sufixos que forman substantivos a partir de verbos.

8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación, e utilízalos para favorecer unha comunicación fluída e coherente.
9. Entende e valora que hai outras formas de organizar a realidade no social, o político e o cultural, distintas da propia.
10. Coñece algúns datos culturais e sociais sobre outros países de fala inglesa: Australia, Canadá e Irlanda.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo aos contrastes vividos por dous adolescentes españois cando se mudaron a Australia (*The land down under*).

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido aos cambios sufridos por dous adolescentes españois ao mudarse a Australia.
- Obtención de información global e específica deste texto.
- Uso de estratexias de comprensión lectora para pescudar o significado de palabras a través da súa morfoloxía.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: falar de experiencias novas dando detalles temporais e comparalas con outras situacións vividas.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: as viaxes e as experiencias vividas neles.
- Descrición oral de lugares exóticos a partir de fotografías.
- Argumentación oral a favor dun país distinto do propio como lugar de residencia.

LISTENING

- Predición do tema e dos contidos dunha entrevista feita a unha adolescente sobre a súa experiencia en Tanzania, a través das preguntas suscitadas e as imaxes presentadas.
- escoita comprensiva da devandita entrevista para extraer información global e específica.
- escoita comprensiva dun diálogo entre adolescentes sobre unha viaxe a Londres e as comparacións que fan con outros lugares (*Talking about new experiences*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre aqueles adverbios que mellor matizan o significado xeral dun adxectivo ou outro adverbio para mellorar a calidade da redacción.
- Redacción da descrición dun lugar visitado en vacacións utilizando as seguintes pautas:

- Decidir o lugar que se vai describir.
- Facer unha lista das características principais do lugar, das cousas que se viron e fixeron, do tipo de clima, comida e persoas que se atoparon.
- Escribir a descrición seguindo un esquema de organización de contidos por parágrafos co fin de conseguir un texto coherente: descrición xeral do sitio e as actividades, información extra sobre o tempo, a gastronomía e os habitantes do lugar e destacar o mellor e o peor do sitio.
- Revisar a ortografía, a gramática e a puntuación e o uso dos modificadores adecuados.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Falar de experiencias, costumes e hábitos no pasado. Expresar os cambios que se producen neles e nas cousas que nos rodean

- Past simple and past continuous
- Past simple and present perfect simple
- Past perfect simple
- Used to

B. Léxico – semántico

- Adxectivos que describen lugares
- Sufixos do substantivo: persoas
- Comparativos e superlativos

C. Fonética

- Acento das palabras

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Valoración positiva do uso do inglés como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre pobos.
- Identificación de trazos socioculturais transmitidos por distintas variedades do inglés (inglés de Australia).
- Contraste entre aspectos culturais da vida cotiá que transmite o inglés e os propios: sistema educativo, actividades de tempo libre, a gastronomía.

UNIT 3: Television

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre experiencias relacionadas coa televisión e como esta afecta á vida cotiá dos telespectadores, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre a programación e os programas da televisión.
3. Entender información esencial de textos escritos sobre a televisión: tipos de programas, como participar neles, a polémica que esperta a “telerrealidade”, os efectos negativos dun mal uso da televisión, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permita inferir o significado de expresións idiomáticas a través do contexto.
4. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para expresar capacidade, probabilidade, certeza, necesidade e obriga, entendendo e utilizando os verbos modais.
5. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para facer e aceptar ou rexeitar suxestións, así como para pedir información.
6. Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia: respectar os gustos televisivos dos demais.
7. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
8. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.
9. Valorar o inglés como medio de acceder a outros coñecementos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: a televisión, a súa programación e o seu consumo.
2. Utiliza estratexias de predición e dedución de datos a partir dun contexto para captar información esencial sobre un *reality show* moi popular entre os hispanos en Estados Unidos.
3. Sabe falar sobre a programación televisiva, facendo suxestións, aceptándoas ou rexeitándoas, así como pedindo información sobre os horarios e os argumentos dos principais programas, utilizando as estratexias e fórmulas adecuadas para que a mensaxe sexa coherente e se poida establecer a comunicación. Pode comprender e facerse entender con claridade.
4. Sabe escribir unha redacción dando a súa opinión argumentada sobre a televisión e a súa influencia na sociedade, utilizando estratexias de organización de parágrafos que melloran a calidade e a comprensión do escrito.
5. Coñece os mecanismos gramaticais que lle permiten utilizar con corrección os verbos modais en inglés.
6. Coñece e utiliza o vocabulario relativo ao tema da unidade: expresións cos verbos do *make*, expresións idiomáticas, tipos de programas televisivos.

7. Sabe recoñecer e utilizar a preposición adecuada a cada verbo dos aprendidos na unidade.
8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer unha comunicación fluída e coherente.
9. Coñece datos sobre a adición á televisión e as medidas que se toman respecto diso desde os organismos competentes (*Turn-off Week*).
10. É consciente do vehículo que constitúe o inglés para entender outras realidades, a súa influencia no mundo da comunicación e os medios audiovisuais.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo a un programa de realismo televisivo emitido nos Estados Unidos e dirixido basicamente á poboación de orixe hispana (*The real World*).

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido a un programa de televisión onde os concursantes han de realizar tarefas duras e espectaculares para conseguir traballar legalmente nos Estados Unidos.
- Obtención de información global e específica deste texto.
- Uso de estratexias de comprensión lectora para pescudar o significado de expresións idiomáticas a través do contexto.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: facer e aceptar ou rexeitar suxestións; pedir e dar información sobre a programación televisiva.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: a televisión e a súa influencia na sociedade, expresando opinións e argumentándoas.
- Descrición oral de imaxes e situacións relacionadas co tema principal da unidade.

LISTENING

- Predición dos contidos dun programa de radio onde se comenta a proposta de non ver a televisión durante unha semana (*Turn-off Week*) a partir das frases e imaxes propostas.
- Obtención de información global e específica a partir do devandito texto oral.
- Escoita comprensiva dun texto oral onde dous adolescentes comentan e fan suxestións a partir da programación televisiva.

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre distintos modos de expresar a propia opinión por escrito para mellorar a calidade e a comprensión da redacción.
- Redacción dun escrito onde dar opinión sobre a televisión e a súa influencia no mundo actual, dando argumentos que avalen esta opinión e utilizando as seguintes pautas:
 - Decidir se se vai a escribir a favor ou en contra da afirmación proposta.
 - Facer unha relación das ideas axudándose das preguntas suscitadas sobre tipos de programas e a súa influencia nas persoas, sobre alternativas á televisión e sobre a valoración xeral que nos merece.
 - Escribir o texto mostrando acordo ou desacordo dándolle a estrutura adecuada aos contidos por medio dunha boa organización dos parágrafos.
 - Revisar a gramática, a ortografía e a puntuación, así como a variedade de formulismos para expresar opinión e a estrutura dos parágrafos.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Facer deducións e suposicións ou referencias a accións presentes e pasadas. Expresar obriga e ausencia de obriga, prohibición, necesidade, capacidade, posibilidade, pedir e dar permiso ou consello.

- Consello, necesidade e obriga
- Capacidade
- Probabilidade e certeza
- Modais + *perfect infinitive*

B. Léxico + semántico

- A televisión
- Verbo + preposición
- *Do* e *make*

C. Fonética

- Pronuncia das formas débiles

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Recoñecemento da presenza e da importancia do inglés na linguaxe dos medios de comunicación e audiovisuais.
- Coñecemento dalgúns datos sobre a televisión nos países de fala inglesa e a súa influencia na sociedade e contraste coa situación no propio país.
- Valoración positiva do uso do inglés como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre pobos.

SEGUNDA AVALIACIÓN

UNIT 4: Technology

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre a evolución e as novas expectativas da tecnoloxía e o uso e abuso desta na nosa sociedade, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre obxectos de alta tecnoloxía de uso cotián.
3. Entender información esencial de textos escritos sobre o avance da tecnoloxía na robótica, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión para identificar as palabras clave que axudarán na procura de información específica no texto.
4. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas describir obxectos e as súas características principais.
5. Entender e utilizar os tempos verbais de futuro para expresar plans, intencións e predicións.
6. Entender e utilizar os prefixos que lles dan significado negativo aos adxectivos.
7. Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia: integrar de xeito razoábel a tecnoloxía na vida cotiá.
8. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
9. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.
10. Valorar o inglés como medio de acceder á tecnoloxía de vangarda.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de textos orais sobre un tema xeral: a tecnoloxía.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir dun contexto para captar información esencial sobre a evolución da tecnoloxía na robótica e as formulacións éticas que iso supón.
3. É quen de describir oralmente un obxecto, utilizando as fórmulas e estratexias necesarias para que a mensaxe sexa coherente e se poida establecer unha comunicación. Pode comprender e facerse entender con claridade.
4. Sabe escribir unha carta formal expresando unha queixa ante unha empresa polo mal funcionamento dun obxecto, utilizando a presentación, formulismos e rexistros adecuados á situación de comunicación suscitada.
5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para utilizar os tempos que expresan futuro: predición, intención e plans.
6. Coñece e utiliza o vocabulario relativo á descrición de obxectos.

7. Identifica e utiliza os prefixos para formar antónimos de adxectivos (*negative prefixes*).

8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación, e utilízalos para favorecer unha comunicación fluída e coherente.

9. Coñece datos sobre a evolución da tecnoloxía e a súa aplicación á vida cotiá.

10. É consciente de que o inglés é un medio para entender outras realidades e a súa influencia nos ámbitos de investigación tecnolóxica.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo á evolución da tecnoloxía na robótica e o uso que se dá ou poderá darse ás novas creacións (*Mean machines*).

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido á evolución da tecnoloxía na fabricación de robots e o seu uso no futuro.
- Obtención de información global e específica deste texto.
- Uso de estratexias de comprensión lectora para identificar as palabras clave que axudarán a obter información específica.

SPEAKING

- Predición e dedución de información da que tratarán os textos a partir das preguntas e imaxes presentadas.
- Interacción oral con outras persoas para comentar os temas tratados na unidade: traballos relacionados coas novas tecnoloxías, os robots e as súas tarefas, descrições de obxectos.
- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: describir obxectos dando detalles do material, cor, tamaño, uso, etc.
- Descrición oral de imaxes e situacións relacionadas co tema da unidade.

LISTENING

- Predición dos contidos dun programa de radio cuxo tema principal son os teléfonos móbiles a partir das imaxes propostas.
- Obtención de información global e específica a partir do devandito texto oral.
- escoita comprensiva dun texto oral onde alguén quere adquirir un obxecto do que non recorda o nome e descríbeo para arranxar a situación.

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre os formulismos, presentación e rexistro necesarios á hora de escribir unha carta formal para mellorar a calidade e a comprensión da redacción.

- Redacción dunha carta formal onde suscitar unha queixa a unha empresa por un obxecto adquirido e que non funciona correctamente, utilizando as seguintes pautas:
 - Comprobar que se conta con todos os datos necesarios da empresa para dirixirlles a carta.
 - Facer unha relación dos fallos que mostra o aparello.
 - Escribir o texto tendo en conta o formato estándar dunha carta formal en inglés, o rexistro de linguaxe que se ha de utilizar e construíndo a estrutura organizativa adecuada aos contidos.
 - Revisar a presentación, o encabezado e a despedida, o rexistro e toda a información que han de ir incluídos na carta.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Expresar plans e disposicións. Concertar citas. Predicir acontecementos e facer prognósticos.

- Will, going to e present continuous
- Future continuous
- Future perfect

B. Léxico semántico

- A tecnoloxía
- Prefixos negativos
- Adxectivos que describen obxectos

C. Fonética

- Pronuncia dos sons //e //.

Comentario [P1]: Faltan símbolos fonéticos.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Recoñecemento da presenza e importancia do inglés nas novas tecnoloxías da información e comunicación: informática, Internet, a carreira espacial, Internet, etc.
- Coñecemento dalgúns datos sobre a evolución das novas tecnoloxías noutros países e contraste coa do propio.

UNIT 5: Appearance

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre experiencias e situacións relacionadas co aspecto físico e co carácter das persoas así como sobre a roupa e a industria da moda. Utilizar as fórmulas e estratexias adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais nunha entrevista na que se fala da profesión de estilista de moda para celebridades e como se comportan estas ante as diferentes propostas.
3. Entender información esencial dun texto sobre a importancia social do aspecto físico e como inflúe nas relacións dos adolescentes coa súa contorna.
4. Utilizar estratexias que permitan unha mellor comprensión mediante a identificación da finalidade do texto: tipo de texto, contido obxectivo ou de opinión, visión positiva ou negativa do tema tratado.
5. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para pedir información e describir unha persoa, así como utilizar as oracións condicionais e os adxectivos que describen o carácter e o aspecto físico.
6. Comprender e valorar de modo crítico as tendencias de moda de tal xeito que non dominen outras facetas do carácter e as relacións sociais.
7. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
8. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: o mundo da moda e as celebridades.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir do contexto para captar información esencial sobre o aspecto persoal e a influencia da moda e da presión de grupo.
3. Participa en conversas onde pide información sobre pezas de vestir que vai adquirir: talla, cor, comodidade, prezo, etc., utilizando as fórmulas e estratexias lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
4. Sabe describir por escrito a unha persoa, o seu aspecto físico, a súa personalidade e actividade profesional, poñendo en práctica as estratexias adecuadas e utilizando os elementos lingüísticos que melloren a redacción.
5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para expresar posibilidades reais e formular hipóteses: *First, second and third conditionals*.
6. Coñece e utiliza o vocabulario adecuado para falar do aspecto físico e o carácter das persoas, así como do mundo da moda.
7. Recoñece e sabe utilizar os adxectivos compostos para describir persoas.
8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer que esta sexa fluída e coherente.

9. Entende e valora que hai outras formas de entender a moda e que esta non sempre ten que marcar o paso.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo á influencia da moda nos adolescentes e as presións ás que se ven sometidos pola súa causa (*Dare to be different*).

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido á influencia da moda e á importancia do aspecto físico nos adolescentes británicos.
- Obtención de información global e específica deste texto, utilizando as estratexias propostas: identificar o tipo, obxectivo e ton do texto.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: como pedir información sobre roupa.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: preferencias sobre o aspecto das persoas, traballos relacionados co mundo da moda.
- Descrición oral de imaxes relacionadas con celebridades con grande influencia no mundo da moda.
- Reflexión oral sobre o tema do texto de lectura a partir das preguntas suscitadas.
- Expresións para pedir información sobre a roupa que se quere comprar: talla, cor, prezo, etc.

LISTENING

- Predición do tema e os contidos dunha entrevista feita a unha profesional do estilismo de moda para explicar as tarefas e requisitos necesarios para o seu traballo.
- escoita comprensiva da devandita entrevista para extraer información global e específica.
- escoita comprensiva dun diálogo onde pedir información sobre determinada peza de roupa (*Asking for information*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre os elementos que unen oracións e achegan máis información ao xa expresado, para que os escritos melloren en fluidez e corrección.
- Redacción da descrición dunha persoa utilizando as seguintes pautas:
 - Decidir que persoa se vai describir.
 - Facer unha lista das características principais desta persoa: aspecto, personalidade e visión persoal.
 - Escribir a carta seguindo un esquema de organización de contidos por parágrafos co fin de conseguir un texto coherente.

- Revisar o escrito aplicando estratexias vistas na unidade: uso de recursos para achegar interese ao redactado: adxectivos, verbos, adverbios, modificadores, conectores, etc.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Expresar posibilidades reais e formular hipóteses.

- Primeira e segunda condicional
- Primeira condicional *unless*
- Terceira condicional

B. Léxico semántico

- Adxectivos que describen o aspecto físico e a personalidade
- Adxectivos compostos
- A roupa e a moda

C. Fonética

- Acento e ritmo da oración

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Interese por coñecer datos sobre a influencia da moda nos adolescentes dos países de fala inglesa.

UNIT 6: News

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre os medios de información tradicionais e os máis novos, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre o mundo dos medios de información e os xornalistas que traballan neles.
3. Entender información esencial de textos escritos sobre a influencia das novas tecnoloxías da información nos medios de comunicación, anticipando e deducindo datos a partir do contexto e dos elementos de referencia existentes.
4. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para dar consello e facer recomendacións.
5. Entender e utilizar todos os aspectos da voz pasiva para expresar os resultados e as causas de determinados acontecementos ou accións.
6. Entender e utilizar os adverbios de modo.
7. Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia: analizar os distintos xeitos de entender a información e o xornalismo.
8. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
9. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.
10. Valorar o inglés como medio de acceder ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: o mundo da información e do xornalismo.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir do contexto e dos elementos de referencia para captar información esencial sobre a influencia das novas tecnoloxías nos medios de información.
3. Participa en conversas onde pide e dá consello sobre situacións difíciles relacionadas coa transmisión de información, utilizando as fórmulas e estratexias lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
4. Sabe resumir por escrito un artigo xornalístico, captando a información esencial deste e poñendo en práctica as estratexias adecuadas e utilizando os elementos lingüísticos que melloren a redacción.
5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para expresar causa e resultado: voz pasiva e *have/get* causativo.
6. Sabe recoñecer aqueles termos de significado enganoso e distingue as súas distintas acepcións.
7. Recoñece e sabe utilizar os adverbios de modo e como formalos a partir dos adxectivos.

8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer que esta sexa fluída e coherente.

9. Entende e valora que hai outras formas de entender a información xornalística e é crítico coa influencia dos medios de información na sociedade.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo aos novos medios de información en Internet e as posibilidades de calquera persoa para expresarse por escrito nese medio.

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido á influencia das novas tecnoloxías da comunicación nos medios de información.
- Obtención de información global e específica deste texto, utilizando as estratexias propostas: utilizar os elementos que fan referencia a outros dentro do texto para mellorar a comprensión das súas pasaxes máis difíciles.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: como pedir e dar consello a alguén sobre unha situación persoal difícil.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: opinión sobre os blogs e o seu uso e abuso; os medios de información, a actualidade informativa, profesións relacionadas co xornalismo.
- Descrición oral de imaxes relacionadas co mundo da prensa escrita.
- Reflexión oral sobre o tema do texto de lectura a partir das preguntas suscitadas.
- Expresións para pedir e dar consello sobre unha situación persoal.

LISTENING

- Predición do tema e os contidos dunha entrevista feita ao presentador dun informativo televisivo sobre as tarefas deste tipo de profesionais.
- Uso da estratexia suscitada para mellorar a comprensión oral da entrevista: preparar a audición asegurándose de entender o obxectivo, lendo as preguntas con atención e decidindo que información será a que se necesite.
- Escoita comprensiva da devandita entrevista para extraer información global e específica.
- Escoita comprensiva dun diálogo onde pedir e dar consello ante unha situación difícil (*Advice*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre os elementos que unen oracións que expresan causa e resultado, para que os escritos melloren en fluidez e corrección.
- Redacción do resumo dun artigo xornalístico utilizando as seguintes pautas:
 - Decidir cal é a información esencial.
 - Limitar a redacción a un parágrafo utilizando a primeira oración como descrición da idea principal.
 - Revisar o escrito aplicando estratexias vistas na unidade: uso de nexos e tempos verbais adecuados, inclusión da información esencial.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Expresar resultados e causa.

- A voz pasiva *by*
- *Get/have something done*

B. Léxico semántico

- As noticias
- Os delitos
- Adverbios de modo
- *False friends*

C. Fonética

- Letras mudas

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Interese por coñecer máis datos sobre os medios de información nos países de fala inglesa: prensa escrita, televisión, Internet...
- Recoñecemento da presenza e importancia do inglés nas novas tecnoloxías da información: blogs, Internet...

TERCEIRA AVALIACIÓN

UNIT 7: Sport

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre os distintos deportes: regras, accesorios, historia, competicións, competitividade, deportistas famosos, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre distintos tipos de deportes.
3. Entender información esencial de textos escritos sobre a presión que sofren os deportistas na alta competición, anticipando e deducindo datos a partir do contexto e utilizando estratexias de predición a través a identificación das ideas principais.
4. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para facer e aceptar ou rexeitar invitacións.
5. Entender e utilizar as oracións subordinadas adxectivas para facer descrições máis detalladas.
6. Entender e utilizar os sufixos para a formación de adxectivos.
7. Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia: analizar os distintos xeitos de entender a práctica dun deporte.
8. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
9. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: os deportes e os deportistas.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir do contexto e das ideas principais para captar información esencial sobre a alta competición deportiva e a presión á que se ven sometidos os deportistas.
3. Participa en conversas onde fai e acepta ou rexeita invitacións, utilizando as fórmulas e estratexias lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
4. Sabe argumentar por escrito a favor e en contra dun tema proposto, poñendo en práctica as estratexias adecuadas para estruturar a argumentación e utilizando os elementos lingüísticos que melloren a redacción.
5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para describir a persoas, deportes e as súas regras, lugares: oracións subordinadas de relativo.
6. Sabe recoñecer verbos con significado enganoso e distingue as súas distintas acepcións.
7. Recoñece e sabe utilizar os sufixos para formar adxectivos a partir doutras palabras.

8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer que esta sexa fluída e coherente.

9. Entende e valora que hai outras formas de entender a práctica dun deporte e é crítico coa influencia negativa que pode ter a presión da competición nun deportista.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo aos deportistas de alta competición e a presión que sofren por parte da súa contorna e por parte do público.

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido aos deportistas que participan na alta competición e as súas consecuencias.
- Obtención de información global e específica deste texto, utilizando as estratexias propostas: identificar as ideas principais de cada parágrafo ao principio destes para mellorar a comprensión do texto.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de preguntas e respostas co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: como invitar e aceptar ou rexeitar invitacións.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: deportes favoritos e hábitos deportivos, espectáculos deportivos, a importancia do éxito, as mulleres no deporte.
- Descrición oral de imaxes relacionadas co mundo do deporte: as súas regras, as súas figuras importantes e a súa práctica.
- Reflexión oral sobre o tema do texto de lectura a partir das preguntas suscitadas.
- Expresións para invitar e aceptar e rexeitar invitacións.

LISTENING

- Predición do tema e os contidos dunha conversa entre dúas persoas que falan de figuras femininas do deporte.
- Escoita comprensiva da devandita conversa para extraer información global e específica.
- Escoita comprensiva dun diálogo onde invitar e aceptar ou rexeitar as invitacións (*Invitations*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre os elementos que unen oracións marcando un contraste (conxuncións concesivas), para que os escritos melloren en fluidez e corrección.
- Redacción dun texto escrito onde expoñer argumentos a favor e en contra dunha idea proposta utilizando as seguintes pautas:

- Analizar a proposta e contestar a cuestións sobre esta para identificar as ideas principais do texto que se vai escribir.
- Organizar o texto dándolle unha estrutura de parágrafos adecuada: presentación do tema, argumentos a favor, argumentos en contra, conclusión.
- Revisar o escrito aplicando estratexias vistas na unidade: uso de nexos concesivos, inclusión de todos os elementos necesarios na estrutura do texto.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Describir a aparencia física e o carácter das persoas, así como distintos deportes e as súas regras.

- Oracións de relativo especificativas
- Omisión do pronome relativo
- Oracións de relativo explicativas

B. Léxico semántico

- O deporte
- Sufixos do adxectivo
- Verbos relacionados co deporte: palabras con significado confuso
- Phrasal verbs (2)

C. Fonética

- Pronuncia do son / / |

Comentario [P2]: Falta símbolo fonético.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Coñecemento de información relativa ao mundo do deporte: as súas regras, as competicións máis importantes, figuras masculinas e femininas máis destacadas.

UNIT 8: Fiction

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre distintos tipos de narrativa: historias, anécdotas, feitos curiosos, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais que relatan feitos ou acontecementos curiosos.
3. Entender información esencial de textos escritos sobre historias e relatos que se converteron en mitos ou lendas urbanas, anticipando e deducindo datos a partir do contexto e utilizando estratexias para pescudar o significado de palabras descoñecidas a través da súa morfoloxía, das palabras ás que, á súa vez, fan referencia, e da sintaxe.
4. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para expresar sorpresa ou incredulidade ante un acontecemento estraño.
5. Entender e utilizar as estruturas necesarias para transmitir o dito por outras persoas: estilo indirecto.
6. Entender e utilizar distintos tipos de prefixos.
7. Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia e interpretar a realidade: analizar as distintas crenzas e interpretacións de fenómenos estraños ou sorprendentes.
8. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
9. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: historias e acontecementos curiosos.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir do contexto, así como para pescudar o significado de palabras descoñecidas a través da súa morfoloxía, sintaxe e contexto.
3. Participa en conversas onde expresa sorpresa e incredulidade ante feito excepcionais ou estraños, utilizando as fórmulas e estratexias lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
4. Sabe relatar por escrito un feito curioso ou estraño ocorrido no pasado, poñendo en práctica as estratexias adecuadas á hora de corrixir os distintos aspectos do escrito e utilizando os elementos lingüísticos que melloren a redacción.
5. Coñece os mecanismos gramaticais necesarios para transmitir o dito por outras persoas: o estilo indirecto.
6. Sabe recoñecer e utiliza prefixos de distinto tipo.
7. Recoñece e sabe utilizar os verbos que introducen o estilo indirecto e que achegan un significado específico á oración resultante.

8. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos lingüísticos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer que esta sexa fluída e coherente.

9. Entende e valora que hai outras formas de interpretar a realidade e os acontecementos estraños ou sorprendentes.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo a acontecementos estraños ou curiosos que foron transmitidos vía oral e son do dominio público e que analiza métodos para confirmar súa verosimilitude.

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido aos mitos urbanos e a súa credibilidade.
- Obtención de información global e específica deste texto.
- Uso de estratexias de comprensión lectora para pescudar o significado de palabras a través do contexto: pola súa morfoloxía, referencia e sinónimos.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: expresar sorpresa e incredulidade ante o relato dun feito extraordinario ou curioso.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: relatos sobre feitos curiosos ou estraños e a posibilidade de que sexan certos.
- Descrición oral de imaxes curiosas ou estrañas e debater sobre a súa autenticidade.
- Expresións para expresar sorpresa e incredulidade.

LISTENING

- Predición do tema e os contidos do relato oral dun feito estraño acaecido en Australia a un submarinista, a través das preguntas suscitadas e as imaxes presentadas.
- Escoita comprensiva do devandito relato para extraer información global e específica, así como para realizar un resumo deste.
- Escoita comprensiva dun diálogo entre adolescentes no que se relata un feito estraño e se dubida da súa verosimilitude (*Expressing surprise and disbelief*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre aqueles elementos do texto que secuencian os acontecementos relatados no mesmo de xeito coherente para mellorar a calidade da redacción.
- Redacción do relato dun acontecemento curioso ou estraño seguindo as seguintes pautas:

- Decidir o tipo de relato e a perspectiva que se lle quere dar.
- Estabelecer os contidos que terá redactando notas sobre o espazo, o tempo, os personaxes, o desenvolvemento e o final da historia.
- Organizar nunha boa estrutura de parágrafos os contidos recompilados: introdución, desenvolvemento da historia cos seus personaxes e principais feitos, e unha conclusión co final da historia e as súas consecuencias.
- Revisar o escrito aplicando estratexias vistas na unidade: corrección de erros de gramática, léxico, sintaxe e ortografía.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Relatar o que outra persoa dixo, preguntou, ordenou ou suxeriu.

- Estilo indirecto: oracións enunciativas, oracións interrogativas, suxestións e ordes
- Expresións de tempo

B. Léxico semántico

- Dúbida e crenza
- Prefixos
- Rexistro: xeitos de falar
- *Reporting verbs*

C. Fonética

- Entoación

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Coñecemento das historias ou *bulos* populares nos países de fala inglesa para comparalos cos da propia cultura: os mitos urbanos.

UNIT 9: Music

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Escribir e falar sobre a música, os seus estilos e tipos, os seus intérpretes e as compañías discográficas, utilizando as fórmulas e estratexias adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de xeito correcto e fluído.
2. Extraer información global e específica de mensaxes orais nunha entrevista a unha percussionista de música punk sobre a súa experiencia como percussionista nunha orquestra sinfónica.
3. Entender información esencial dun texto escrito sobre os novos grupos de música cuxos compoñentes non son persoas reais senón creacións realizadas cun ordenador.
4. Utilizar estratexias para mellorar a comprensión: comprender as oracións difíciles a través doutras máis fáciles.
5. Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para expresar o proceso de acostumarse a algo: *be used to/get used to*.
6. Recoñecer os aspectos formais e morfolóxicos e de uso das formas en *-ing* e do infinitivo.
7. Comprender e valorar de xeito crítico outros modos de organizar a experiencia: distintas formas de entender e gozar a música e as consecuencias do éxito musical.
8. Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na unidade co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas nas situacións de comunicación suscitadas.
9. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo do inglés no futuro.
10. Valorar o inglés como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeral: a música: estilos, intérpretes e compañías discográficas.
2. Utiliza estratexias de anticipación e dedución de datos a partir dun contexto para predicir información xeral ou específica sobre a creación de grupos de música cuxos intérpretes son creacións dun ordenador.
3. Participa en conversas onde facer peticións e responder a elas, utilizando as estratexias e fórmulas adecuadas para que a mensaxe sexa coherente e se poida establecer a comunicación.
4. Sabe redactar un escrito onde expoñer a propia opinión achegando argumentos que a defendan, utilizando as estratexias adecuadas que lle faciliten o labor.
5. Coñece e utiliza os aspectos xerais da forma en *-ing* dos verbos e o infinitivo.
6. Coñece e utiliza o vocabulario apropiado para falar da música, os seus distintos estilos, as campañas de promoción das compañías discográficas, o fenómeno da piratería, etc., así como aqueles adxectivos formados cos sufixos *-ed* e *-ing* a partir de verbos.

7. É quen de reflexionar sobre o funcionamento dos elementos necesarios nestas situacións concretas de comunicación e utilízalos para favorecer unha comunicación fluída e coherente.

8. Entende e valora que hai outras formas de entender e gozar da música.

9. Coñece algúns datos culturais sobre as novas tecnoloxías aplicadas á promoción discográfica.

10. É consciente do vehículo que supón o inglés para entender outras realidades e como axuda para afondar na cultura propia.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo á creación de grupos de música cuxos intérpretes son creacións realizadas por ordenador.

- Predición e dedución de información a partir dun texto escrito referido aos novos grupos de música: vantaxes e desvantaxes dos intérpretes virtuais.
- Obtención de información global e específica deste texto.
- Uso de estratexias de comprensión lectora para pescudar o significado de oracións difíciles do texto.

SPEAKING

- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de crear diálogos cun discurso coherente, construíndo respostas completas e dando nelas toda a información posíbel: facer peticións e responder a elas.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade: distintos tipos de música, gustos musicais e novos grupos de música.
- Descrición oral de distintos tipos de intérpretes musicais a partir de fotografías.
- Argumentación a favor ou en contra dos distintos estilos musicais e a súa dificultade na interpretación.
- Expresións para facer e aceptar ou rexeitar peticións.

LISTENING

- Predición do tema e os contidos dunha entrevista feita a unha percusionista punk sobre a súa experiencia nunha orquestra sinfónica, utilizando a estratexia presentada: analizar os titulares e as imaxes que acompañan á actividade.
- Escoita comprensiva da devandita entrevista para extraer información global e específica.
- Escoita comprensiva dun diálogo onde se fan e se atenden ou rexeitan peticións (*Requests*).

WRITING

- Adquisición de coñecementos sobre os termos que axudan a ligar o texto establecendo relacións de coordinación e

subordinación entre as oracións que o compoñen para que os escritos melloren en corrección e comprensión.

- Redacción dun texto escrito onde expoñer e argumentar a propia opinión sobre as compañías discográficas e as campañas que realizan con grupos de música creados por elas mesmas, seguindo as seguintes pautas:
 - Decidir cal vai ser a formulación do texto: a favor ou en contra da proposta.
 - Facer unha lista de feitos relacionados coa opción elixida que sirvan de argumento para esta.
 - Utilizar as expresións e fórmulas lingüísticas adecuadas para expresar por escrito estes argumentos.
 - Escribir a carta seguindo un esquema de organización de contidos por parágrafos co fin de conseguir un texto coherente.
 - Revisar a presentación, o contido, a corrección da orde das palabras e o rexistro utilizado.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Traballar todos os aspectos das formas en *-ing* e o infinitivo.

- Verbo xerundio/infinitivo
- *Be used to/get used to*

B. Léxico semántico

- A música
- Formación de substantivos a partir de verbos
- Adxectivos *-ed/-ing*

C. Fonética

- Pronuncia dos sons */sp/* e */st/*

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas á situación comunicativa suscitada.
- Interese pola influencia da música no mundo dos adolescentes.
- Análise crítica da oferta musical.
- Recoñecemento da presenza e importancia do inglés no mundo da música.

SEGUNDO CURSO

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

Secuenciación de contidos do segundo curso de Bacharelato

PRIMEIRA AVALIACIÓN

GET STARTED!

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de textos escritos sobre cuestións xerais relacionadas cos estudos e intereses: o reencontro cos amigos logo das vacacións e os plans e intencións.
2. Ler de forma autónoma textos escritos referidos a cuestións relacionadas coa educación e coas relacións sociais máis próximas ao alumno.
3. Utilizar de xeito reflexivo as estratexias e os coñecementos lingüísticos adquiridos na lingua inglesa, e aplicar mecanismos de autocorrección destinados a fomentar a autonomía na aprendizaxe.
4. Analizar manifestacións culturais e sociolingüísticas a partir de documentos auténticos en inglés, identificando elementos xestuais, patróns de comportamento, etc., e contrastándoos cos propios.
5. Comprender datos e información procedentes de países onde se fala o inglés que poidan favorecer o futuro desenvolvemento profesional do alumno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información global e específica de textos escritos sobre temas xerais: a volta á clase e aos amigos logo das vacacións e os plans e intencións para o novo curso, aplicando para iso as estratexias comunicativas máis adecuadas.
2. É capaz de ler de xeito autónomo textos escritos referidos a temas relacionados coa educación e as relacións sociais máis próximas a el.
3. Aplica as estratexias de comunicación e os métodos de autocorrección que propón o material do curso.
4. Analiza, a partir de documentos auténticos, elementos sociolingüísticos propios da lingua inglesa e a cultura dos países de fala inglesa.
5. É quen de asimilar información transmitida a través do inglés que pode favorecer o seu futuro desenvolvemento persoal e profesional.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING:

- Lectura comprensiva dun diálogo en Internet (*New Student Chatroom*) no que dúas persoas falan sobre novas actividades e as realizadas recentemente.
 - Obter información global e específica para responder a preguntas sobre o texto.

- Decidir se as frases propostas son verdadeiras ou falsas segundo a información do texto.
- Lectura comprensiva dun diálogo entre amigos que se atopan logo das vacacións.
 - Ordenar os acontecementos segundo a información do texto.
 - Obter información global e específica para responder a preguntas sobre o texto.
- Lectura comprensiva dun correo electrónico enviado informal para falar dos plans para as próximas vacacións.
 - Corrixir as oracións propostas para que se adecúen á información real do texto.
 - Obter información global e específica para responder a preguntas sobre o texto.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e gramática

Retomar o contacto con vellas amizades, relatando experiencias recentes e actuais e falando de plans de futuro.

- Tense review: present and past tenses, simple and continuous forms, present perfect and past simple, future forms, will, going to.

B. Léxico – semántico

- Repaso.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Valoración positiva de patróns culturais distintos dos propios.
- Reflexión acerca de similitudes e diferenzas entre culturas.
- Valoración do inglés como medio para acceder a outras realidades culturais e como instrumento de comunicación internacional.

UNIT 1: Education

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de textos orais e escritos sobre cuestións relacionadas coa educación. Utilizar as estratexias adecuadas para captar a idea principal do texto.
2. Participar con fluidez en conversas mantidas en inglés onde dar opinións sobre os estudos fóra da cidade de orixe. Empregar estratexias de comunicación adecuadas, así como o ton e rexistro apropiados á situación comunicativa.
3. Ler de forma autónoma textos escritos referidos a distintos aspectos da educación relacionados con etapas educativas e tipos de alumnos diferentes.
4. Redactar coa axuda da información facilitada e dos modelos facilitados un texto argumentativo onde falar das vantaxes e desvantaxes do uniforme escolar. Coidar o aspecto formal do escrito tanto no referente á estrutura coma aos contidos.
5. Utilizar de forma reflexiva as estratexias e os coñecementos lingüísticos adquiridos en inglés, e aplicar mecanismos de autocorrección destinados a fomentar a autonomía na aprendizaxe.
6. Analizar os diversos aspectos da competencia comunicativa co fin de comunicarse con éxito. Valorar as normas que se aplican e mostrarse disposto a variarlas se é necesario.
7. Analizar manifestacións culturais e sociolingüísticas a partir de documentos auténticos en inglés, identificando elementos xestuais, patróns de comportamento, etc., e contrastalos cos propios.
8. Comprender datos e información procedentes de países de fala inglesa que poidan favorecer o futuro desenvolvemento profesional do alumno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de extraer información global e específica de textos orais e escritos relacionados con distintos aspectos da educación, utilizando para iso as estratexias de comunicación adecuadas.
2. Participa de forma fluída en intercambios comunicativos en inglés para dar opinións sobre cursar estudos lonxe da casa, aplicando estratexias comunicativas adecuadas e utilizando o rexistro e ton apropiados á situación.
3. É quen de ler de xeito autónomo e comprensivo os textos escritos incluídos na unidade relacionados coa educación.
4. Sabe redactar un texto argumentativo sobre as vantaxes e desvantaxes do uniforme escolar, utilizando para iso a información e o modelo facilitado e coidando a corrección formal, estrutural e a coherencia do texto producido.
5. Aplica as estratexias de comunicación e mecanismos de autocorrección vistos na unidade.
6. Coñece e valora as normas que se aplican á hora de conseguir unha comunicación exitosa e é quen de variarlas se é necesario.
7. Identifica e analiza a partir de documentos auténticos, elementos culturais e sociolingüísticos da lingua inglesa.
8. É quen de entender a información transmitida en inglés que pode favorecer o seu futuro persoal e profesional.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo á análise de resultados académicos en función do sexo do alumno (*Girls vs boys!*).

- Obtención de información global e específica para contestar ás preguntas propostas.
- Identificación de elementos léxicos do texto de lectura equivalentes ás definicións ou sinónimos propostos.
- Aplicación da estratexia de lectura comprensiva proposta para obter a idea principal do texto de lectura a través do título e das frases iniciais dos parágrafos.
- Preparación das respostas persoais relativas á diferenza entre mozos e mozas no seu rendemento académico.

SPEAKING

- Interacción con outros compañeiros para pedir e dar opinión sobre a utilidade dos exames.
- Uso de expresións para pedir e dar opinión.
- Expresión de acordo ou desacordo coas opinións reflectidas nos textos.
- Descrición oral de imaxes presentadas na unidade e relacionadas co tema da educación.

LISTENING

- Predición do tema principal dunha audición a través das imaxes e das preguntas propostas.
- Audición comprensiva dun diálogo entre estudantes universitarios que comentan actividades, ideas, cursos e plans, para extraer información global e específica.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase.

WRITING

- Comprensión global e específica da información achegada por un texto argumentativo sobre as vantaxes e desvantaxes da separación por sexos nas escolas.
- Práctica dos principais conectores adecuados para engadir información.
- Coñecemento de estratexias para escribir un texto argumentativo (estrutura e organización por parágrafos, obxectividade).
- Redacción dun texto argumentativo sobre os uniformes escolares de acordo coas seguintes pautas:
 - Pensar sobre o que se quere escribir: argumentos a favor e en contra do uniforme escolar.
 - Incluír conectores adecuados para engadir información.
 - Organizar os catro parágrafos seguindo o modelo: afirmación xeral sobre o tema, argumentos a favor, argumentos en contra, opinión persoal e conclusión.
 - Revisar e corrixir os posíbeis erros gramaticais, ortográficos e de puntuación.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

Practicar a formación e o uso das oracións de relativo tanto especificativas como explicativas.

- Relative pronouns.
- Defining and non-defining relative clauses.
- Omission of relative pronouns.
- Prepositions with relative pronouns.

B. Léxico – semántico

- Educación.
- Prefixos.
- *False friends*.

C. Fonética

- Entonación: facer preguntas.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Valoración positiva do uso do inglés como medio de para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.
- Coñecementos dalgúns feitos e datos obxectivos sobre o sistema educativo británico.
- Uso de fórmulas lingüísticas e rexistros adecuados ás situacións de comunicación suscitadas, ao interlocutor e á intención dos interlocutores.
- Recoñecemento da importancia da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida profesional e persoal do alumno.

UNIT 2: Relationships

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica previamente requirida de mensaxes orais e escritas sobre o tema das relacións sentimentais. Utilizar para este propósito aquelas estratexias que axuden á comprensión do texto a través das palabras ou expresións clave.
2. Participar con fluidez en conversas sobre diversos aspectos do tema xeral: facer suxestións e propostas para unha cita, responder ás propostas aceptando ou rexeitando, expresar a certeza ou a posibilidade de que algo ocorra, pedir e dar consello sobre problemas nas relacións sentimentais. Empregar o rexistro adecuado en cada situación comunicativa.
3. Ler de xeito autónomo textos que ofrezan un interese para o/a alumno/a, neste caso, un modo habitual de que unha parella se coñeza: Internet.
4. Redactar, coa axuda de modelos, un texto dialogado, onde interveñen distintos elementos formais: estrutura, ortografía, expresións específicas do rexistro, cohesión...
5. Utilizar de forma espontánea as estratexias de aprendizaxe adquiridas. Consultar o material de referencia necesario para aprofundar na aprendizaxe lingüística e a aproximación a datos culturais.
6. Analizar e reflexionar sobre os distintos elementos da competencia comunicativa como claves que garanten a comunicación.
7. Analizar as manifestacións culturais e os aspectos sociolingüísticos transmitidos a través da lingua inglesa, dende unha perspectiva enriquecida polas linguas e culturas coas que está familiarizado o alumno.
8. Comprender información procedentes de países onde se fala o inglés e que ten unha repercusión no ámbito internacional.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre un tema de interese xeral, o das relacións de parella, utilizando para iso as estratexias propostas.
2. Participa en conversas fluídas para facer e responder a propostas e suxestións para unha cita romántica, opinar sobre os xeitos máis habituais de atopar parella, etc. Utiliza o rexistro adecuado en cada caso.
3. É quen de ler de xeito autónomo textos do seu interese: que outras formas hai para atopar parella: os chats en Internet.
4. Escribe, coa axuda dun modelo, textos en forma dialogada, aplicando todos os recursos formais e o rexistro adecuado: abreviaturas, linguaxe coloquial, etc. Coida a corrección formal e a estrutura e cohesión do texto producido.
5. Utiliza estratexias de aprendizaxe e consulta o material de referencia necesario para familiarizarse con elementos culturais e lingüísticos relevantes.
6. Esfórzase por analizar os elementos da competencia comunicativa que son indispensábeis para que un intercambio comunicativo teña éxito.
7. É quen de analizar as manifestacións culturais e sociolingüísticas transmitidas pola lingua inglesa, achegando os propios coñecementos doutras linguas e culturas.
8. Comprende a información procedente de lugares onde se fala a lingua inglesa, e que ten un alcance internacional.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo ás relacións de parella por Internet.

- Obtención de información global e específica para completar frases e identificar palabras similares ou que se correspondan coas definicións propostas.
- Reflexión acerca das estratexias propostas de comprensión escrita: identificar as palabras clave que cualifican unha oración como verdadeira falsa e atopar a proba no texto desta valoración.

SPEAKING

- Uso de expresións adecuadas para facer propostas ou suxestións e aceptalas ou rexeitalas.
- Práctica das fórmulas adecuadas para expresar probabilidade e certeza.
- Utilización de expresións apropiadas para dar consello.

LISTENING

- Predición do contido da gravación dunha entrevista a un psicólogo a través das cuestións suscitadas. Comprobación das respostas ao preguntado.
- Aplicación das estratexias presentadas: preparar a audición.
- Comprensión de información global e específica para responder a cuestións sobre o texto oral.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase

WRITING

- Identificación de información global e específica para responder a preguntas de comprensión acerca do modelo, e tamén para expresar opinións acerca do seu contido.
- Práctica de estratexias para mellorar a redacción de diálogos: os personaxes, o obxectivo, o rexistro, o uso de formas abreviadas e de termos propios de diálogos.
- Redacción dun diálogo entre dous adolescentes que manteñen unha disputa sentimental, tendo en conta as seguintes ideas:
 - Decidir que ideas se van utilizar.
 - Redactar notas sobre os personaxes e sobre as persoas das que falan.
 - Preparar un borrador, asegurándose de utilizar os elementos propios deste tipo de texto: contraccións, *phrasal verbs*, rexistro informal, respostas curtas; ademais de observar a corrección formal.
 - Revisar e corrixir os propios erros e redactar a versión definitiva.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

- Plasmar no noso discurso habilidade e permiso, posibilidade, dedución e certeza, obriga e necesidade mediante o uso dos verbos modais.
- *Modal verbs: advice, necessity, obligation and prohibition; ability and permission; possibility and certainty.*
- • *Modals + perfect infinitives.*

B. Léxico – semántico

- Amor e relacións persoais.
- Prefixos negativos.

- *Phrasal verbs (1)*: relacións persoais.

C. Fonética

- Formas débiles: modais, *was* e *were*.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Reflexión sobre outros modos de organizar as experiencias (xeitos de atopar parella), co fin de desenvolver actitudes de tolerancia cara a outras convencións culturais.
- Valoración da lingua inglesa como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Reflexión acerca das similitudes e as diferenzas entre culturas.
- Recoñecemento da importancia do inglés para afondar en coñecementos de interese tanto na vida persoal como profesional do/a alumno/a.

UNIT 3: Travel and adventure

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre temas de interese para os alumnos, en concreto sobre o as viaxes e actividades de aventura. Aplicar as estratexias máis apropiadas para a comprensión do texto e a súa explotación.
2. Participar en conversas e narracións relativas a actividades que esperten un interese especial: vacacións de aventura, visitas orixinais, medios de transporte pouco habituais. Utilizar o rexistro adecuado en cada situación comunicativa.
3. Ler de xeito autónomo textos que ofrezan un interese para o/a alumno/a, en concreto sobre retos deportivos de gran dificultade.
4. Redactar con axuda dun modelo un texto narrativo onde relatar unha experiencia impactante relacionada cunha viaxe, mostrando un interese pola planificación, a corrección formal e a cohesión necesarias.
5. Utilizar de xeito reflexiva os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos aprendidos, e aplicar con rigor os mecanismos de autocorrección que reforcen a autonomía de aprendizaxe.
6. Valorar a efectividade das regras obtidas a partir de procesos indutivo-dedutivos. Mostrarse disposto a cambialas se fose necesario.
7. Identificar patróns de comportamento que difiran entre membros de culturas diferentes.
8. Utilizar rexistros adecuados e ter en conta o contexto no que se produce a comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/a alumno/a é quen de extraer información procedente de textos orais e escritos sobre temas que lle interesan (as viaxes e as actividades de aventura). Aplica estratexias apropiadas para a comprensión escrita e oral.
2. Participa en conversas de xeito fluído onde reacciona ante propostas de vacacións mostrando interese. Utiliza as estratexias de comunicación e o rexistro adecuado á situación comunicativa.
3. Le de xeito autónomo a información procedente de textos relativos a cuestións do seu interese, en concreto sobre retos deportivos e de aventura.
4. Sabe redactar textos que planificou previamente, coidando a corrección formal e a cohesión.
5. Utiliza os seus coñecementos de forma reflexiva, e aplica con rigor os mecanismos de autocorrección que aumentan a súa autonomía na aprendizaxe.
6. Sabe valorar a efectividade das regras que aplica, e está disposto a cambiar cando sexa necesario.
7. É quen de identificar patróns de comportamento diferentes aos da súa cultura.
8. Utiliza os rexistros adecuados a cada contexto comunicativo.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto sobre o reto dun mozo cego ao subir o cume do Everest (*Against the odds*).

- Predición do contido do texto a través das preguntas suscitadas.
- Obtención de información global e específica a partir dun texto sobre a escalada do Everest.

- Valoración das oracións propostas como verdadeiras ou falsas segundo a información do texto.
- Reflexión sobre a estratexia de comprensión escrita suscitada sobre o uso das propias palabras ao contestar preguntas sobre o texto.
- Identificación das palabras do texto que se corresponden cos sinónimos presentados.

SPEAKING

- Uso de expresións para reaccionar ante as opinións ou apreciacións dos demais, mostrando interese ou non.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na unidade, dando opinión, falando de soños e ambicións, expresando causas, inconvenientes e consecuencias.
- Resposta ás propostas feitas por outras persoas mostrando interese ou desinterese por estas.

LISTENING

- Obtención de información global e específica nun texto oral en que dous mozos falan de experiencias que tiveron lugar durante as súas vacacións.
- escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase

WRITING

- Reflexión sobre o uso dos adverbios para realzar o contido dun texto escrito.
- Aplicación da estratexia suscitada para redactar un texto narrativo que describa unha experiencia negativa en vacacións: choiva de ideas para situar a acción e os protagonistas, planificación da historia cunha estrutura, uso de conectores para organizar os parágrafos.
- Redacción dun texto narrativo onde describir unha experiencia negativa persoal en vacacións, tendo en conta o seguinte:
 - Elixir a experiencia que se quere describir xa sexa real ou imaxinaria.
 - Situar a acción no espazo e no tempo e os personaxes.
 - Organizar en parágrafos os contidos utilizando os conectores adecuados para dar cohesión ao texto.
 - Comprobar a corrección gramatical e ortográfica, o uso de adverbios e conectores.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

Mostrar acordo e desacordo. Dar explicacións.

- Oración composta.
- Conectores para expresar contraste.
- Conectores para expresar finalidade e causa.
- Conectores para expresar consecuencia.

B. Léxico – semántico

- As viaxes e a aventura.
- Sufixos do substantivo.

- *Phrasal verbs (2)*: viaxes.

C. Fonética

- Acento da palabra: palabras de máis dunha sílaba.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

- Reflexión sobre as semellanzas e as diferenzas entre culturas ás que se accede a través das vacacións.
- Valoración da lingua inglesa como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Uso de rexistros adecuados segundo o contexto comunicativo, o interlocutor e a intención dos que participan na interacción.

SEGUNDA AVALIACIÓN

UNIT 4: Justice

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre o tema da delincuencia xuvenil e os procesos xudiciais aos adolescentes. Aplicar para iso estratexias que axuden a inferir significados descoñecidos.
2. Participar con fluidez en conversas sobre diversos aspectos do tema xeral: expresar probabilidade ou certeza sobre un feito delituoso, dar opinións sobre distintos tipos de delitos, falar sobre gustos literarios, etc. Empregar o rexistro adecuado á situación comunicativa.
3. Ler de xeito autónomo información procedente de textos relativos a cuestións relacionadas coa xustiza e coa delincuencia que resulten de interese para o alumno.
4. Redactar resumos que requiran un traballo de análise e elaboración reflexiva dos contidos, coidando sempre a corrección formal e a cohesión do escrito.
5. Empregar de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos e as estratexias adquiridos en inglés, e aplicar mecanismos de autocorrección destinados a fomentar a autonomía na aprendizaxe.
6. Analizar os diversos aspectos da competencia comunicativa co fin de lograr comunicarse con éxito. Valorar as normas que se aplican e mostrarse disposto a varialas cando sexa necesario.
7. Analizar as manifestacións culturais e sociolingüísticas presentadas en documentos auténticos en inglés, identificando elementos xestuais, patróns de comportamento, etc., e contrastándoo cos propios.
8. Comprender datos e información procedentes de países de fala inglesa que poidan favorecer o futuro desenvolvemento profesional do/a alumno/a.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas relacionadas coa delincuencia xuvenil e cos procesos xudiciais a menores. Aplica para iso estratexias que lle axudan a inferir significados descoñecidos.
2. Participa con fluidez en intercambios orais sobre diversos aspectos do tema tratado na unidade e pode expresar probabilidade e certeza, dar opinións, falar sobre gustos literarios, empregando para iso o rexistro adecuado a cada situación de comunicación.
3. Pode ler de xeito autónomo información procedente relativos a cuestións do seu interese e relacionados co tema xeral da unidade.
4. Redacta resumos e para iso analiza e elabora de xeito reflexivo os contidos, coidando a corrección formal e de contidos.
5. Emprega de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos e as estratexias aprendidas na lingua inglesa, e pode aplicar mecanismos de autocorrección para chegar a ser autónomo na súa aprendizaxe.
6. Sabe analizar aspectos da competencia comunicativa co fin de lograr comunicarse con éxito. Valora as normas que se aplican e móstrase disposto/disposta a varialas cando sexa necesario.
7. Analiza as manifestacións culturais e sociolingüísticas presentadas en documentos auténticos en inglés e identifica elementos xestuais, patróns de comportamento, etc., para contrastalos cos propios.
8. É quen de comprender datos e información relacionados con países de fala inglesa que poidan favorecer o seu futuro persoal e profesional.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo a novas propostas en procedementos xudiciais para os delitos cometidos por adolescentes (*Teen Justice!*).

- Predición do contido do texto a través das imaxes e das preguntas propostas.
- Obtención de información global e específica sobre un texto escrito para responder a cuestións xerais utilizando as propias palabras.
- Análise e posta en práctica da estratexia de comprensión escrita presentada na unidade para a mellora da localización das ideas principais e a súa expresión utilizando as propias palabras.
- Identificación de elementos léxicos do texto que se correspondan coas definicións ou sinónimos propostos.

SPEAKING

- Uso de expresións en respostas curtas para expresar certeza e probabilidade.
- Práctica de funcións comunicativas tales como as opinións e os gustos e preferencias.
- Diferenciación e utilización de *reporting verbs*.

LISTENING

- Predición do contido dun texto gravado a partir de apoios visuais.
- Obtención de información global e específica dunha entrevista cunha adolescente, vítima dun roubo na rúa.
- Reflexión acerca da destreza de comprensión oral que axudará a captar a idea principal.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase.

WRITING

- Formulación de hipótese sobre un texto cuxo obxectivo é resumir o contido doutro máis longo.
- Análise da estratexia de redacción presentada na unidade que axudará a dar forma a un resumo: localizar a idea principal, destacar a información máis importante, incluír o máis importante e utilizar as propias palabras.
- Redacción do resumo dun texto sobre o recoñecemento do iris para identificación de persoas, de acordo coas seguintes pautas:
 - Destacar as ideas principais.
 - Comprobar a extensión do resumo.
 - Revisar e corrixir o escrito asegurándose de que contén a información importante, que está redactado sen copiar do texto, que se utilizan os conectores adecuados e que a gramática, ortografía e puntuación son as adecuadas.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

Trasladarlles aos nosos interlocutores afirmacións, ordes e peticións expresadas por terceiras persoas.

- Estilo indirecto das afirmacións, ordes e peticións.

- Expresións de lugar e tempo.
- *Reporting verbs*.

B. Léxico – semántico

- A lei e a xustiza.
- Substantivos compostos.
- Delitos e delincuentes.

C. Fonética

- Sufixo *-ed*.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Reflexión acerca doutros modos de organizar a experiencia comparándoos cos propios.
- Valoración da lingua inglesa como instrumento para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Uso do rexistro adecuado a cada situación comunicativa.

UNIT 5: Waste not, want not

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica a partir de textos orais e escritos relativos ao problema ambiental dos refugallos relacionados co consumo. Aplicar estratexias de comprensión adecuadas e demostrar que se entenderon as tarefas específicas.
2. Participar de xeito fluído en interaccións con outras persoas nas que se expresan preferencias e xustifícanse. Utilizar as estratexias de comunicación e o tipo de discurso máis adecuado á situación comunicativa.
3. Ler de xeito autónomo información procedente de textos relativos a cuestións de actualidade que resulten de interese para o alumno.
4. Redactar textos que requiran un traballo de planificación e elaboración reflexiva dos contidos, coidando sempre a corrección formal e a coherencia do escrito.
5. Empregar de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autocorrección que favorezan a autonomía na aprendizaxe.
6. Analizar, coa axuda de documentos auténticos, manifestacións culturais transmitidas a través da lingua inglesa. Enriquecer esta análise coa axuda das outras linguas e culturas coas que estea familiarizado o alumno.
7. Utilizar rexistros adecuados tendo en conta o contexto no que se desenvolve a comunicación.
8. Asimilar contidos que poidan resultar beneficiosos para o futuro persoal e profesional do/a alumno/a.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de extraer información global e específica de textos orais e escritos relativos a problemas ambientais relacionados co consumo excesivo e aplica para iso estratexias de comprensión adecuadas e entende as tarefas encomendadas.
2. Participa de xeito fluído en interaccións con outras persoas expresando preferencias e dando razóns para elas. Sabe utilizar as estratexias de comunicación e o tipo de rexistro adecuado en cada situación de comunicación.
3. Pode ler de xeito autónomo información procedente de textos relativos a cuestións de actualidade que lle resultan interesantes.
4. É quen de redactar un texto de opinión que implique planificación e reflexión dos contidos, e coida a corrección formal e a coherencia do escrito.
5. Emprega de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos adquiridos e aplica con rigor os mecanismos de autocorrección que melloren a súa aprendizaxe autónoma.
6. Analiza manifestacións culturais transmitidas a través do inglés, engadindo elementos propios a esta análise.
7. Utiliza os rexistros adecuados en cada contexto comunicativo.
8. É quen de asimilar contidos que lle poden resultar útiles no futuro.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo aos refugallos electrónicos e aos problemas ambientais que provocan (*What a waste!*).

- Predición do contido do texto a partir das imaxes propostas que hai que describir.
- Obtención de información global e específica do texto para completar as oracións propostas.

- Reflexionar sobre a estratexia de comprensión lectora presentada: como responder a cuestións de opción múltiple.
- Identificación do léxico proposto do texto coas súas definicións.

SPEAKING

- Uso dos adverbios que modifican as calidades expresadas por diversos adxectivos.
- Práctica de expresións para expresar os propios gustos e preferencias.

LISTENING

- Escoita comprensiva dunha entrevista a unha *freegan* sobre cuestións ambientais relacionadas co desfeito masivo de produtos de consumo.
- Obtención de información global e específica necesaria para contestar ás preguntas suscitadas.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase.

WRITING

- Comprensión global e específica de información contida nun escrito de opinión acerca da publicidade e do seu dano ao ambiente.
- Reflexión sobre as diferenzas entre a expresión de feitos e a de opinións e aplicación das construcións máis habituais para unha e outra.
- Atención á estratexia presentada para mellorar os escritos onde se expón e argumenta unha opinión.
- Redacción dun texto onde expoñer e argumentar a propia opinión sobre a reciclaxe de lixos e a súa obrigatoriedade, atendendo ás seguintes pautas:
 - Decidir que postura se tomará respecto ao tema suscitado.
 - Destacar os argumentos importantes que se queren expresar.
 - Elixir feitos que apoien os argumentos seleccionados.
 - Dar estrutura ao texto mediante parágrafos que distribúan os contidos de xeito claro e coherente.
 - Revisar e corrixir os posíbeis erros relacionados cos contidos, coa forma e comprobar a corrección ortográfica, gramatical e de puntuación.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

Cubrir todos os aspectos da voz pasiva: regras de formación, transformacións, estruturas e verbos propios da voz pasiva.

- A pasiva (con ou sen *by*).
- Transformacións: activa > pasiva.
- Verbos con dous obxectos.
- A pasiva con *reporting verbs*.

B. Léxico – semántico

- As compras e as vendas.
- Sufixos de adxectivos.
- *Phrasal verbs (3)*: problemas e solucións.

C. Fonética

- O son /h/.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Reflexión sobre as semellanzas e as diferenzas entre distintas culturas.
- Valoración da lingua inglesa como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Reflexión sobre outros modos de organizar as experiencias, co fin de desenvolver actitudes de comprensión cara a outras convencións culturais.

UNIT 6: Food

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre temas de interese para os alumnos, en concreto sobre a comida e os distintos tipos de dieta. Aplicar as estratexias máis apropiadas para inferir o significado dos elementos descoñecidos.
2. Participar en conversas e narracións relativas a aspectos sociais e culturais dos países de fala inglesa, utilizando estratexias de comunicación adecuadas.
3. Ler de xeito autónomo textos relacionados coa comida, co abuso da comida rápida e coa influencia dos alimentos na saúde.
4. Redactar, a partir dun modelo, textos cuxa preparación requira un traballo de planificación e reflexión, coidando a corrección formal e a coherencia do redactado.
5. Utilizar de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe.
6. Valorar a efectividade das regras obtidas a partir de procesos indutivo-dedutivos. Mostrarse disposto a cambialas se é necesario.
7. Identificar patróns de comportamento que difiren entre membros de culturas diferentes.
8. Utilizar os rexistros adecuados e ter en conta o contexto en que se produce a comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de extraer información procedente de textos orais e escritos sobre temas que lle interesen (a comida, a alimentación e a saúde). Aplica estratexias apropiadas para inferir o significado dos elementos que descoñece.
2. Participa en conversas onde se tocan aspectos sociais e culturais dos países de fala inglesa. Recorre a estratexias de comunicación adecuadas.
3. É quen de ler textos de forma autónoma relativos á alimentación e a súa influencia na saúde.
4. Sabe redactar textos que planificou previamente, coidando a corrección formal e a coherencia do redactado.
5. Utiliza os seus coñecementos de forma reflexiva, e aplica con rigor mecanismos de autocorrección que aumentan a súa autonomía na aprendizaxe.
6. Sabe valorar a efectividade das regras que aplica, e está disposto a cambiar se fose necesario.
7. É quen de identificar patróns de comportamento diferentes aos da súa cultura.
8. Utiliza os rexistros adecuados a cada situación comunicativa.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo sobre o abuso da comida rápida e a súa influencia na saúde (*Food for thought*).

- Predición do contido do texto a través das preguntas suscitadas.
- Obtención de información global e específica para responder as preguntas de comprensión, completar as oracións propostas e seleccionar o sinónimo adecuado.
- Reflexión sobre a estratexia de comprensión escrita suscitada que axudará a pescudar o significado das palabras descoñecidas a través da súa forma e do contexto.

SPEAKING

- Uso de expresións para pedir suxestións e facer recomendacións.
- Práctica de fórmulas adecuadas para facer peticións nun rexistro formal.

LISTENING

- escoita comprensiva dunha entrevista á campioa dunha competición de velocidade comendo para responder a preguntas de comprensión escollendo unha das opcións que se propoñen.
- Práctica da estratexia de comprensión oral para contestar preguntas con respostas de elección múltiple.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase.

WRITING

- Uso de expresións de tempo para organizar a información que se vai utilizar na redacción dunha biografía.
- Reflexión sobre a estratexia de escritura suscitada para mellorar a organización de contidos nunha biografía.
- Redacción da biografía dunha persoa famosa ou próxima ao alumno de acordo coas seguintes pautas:
 - Seleccionar a persoa da que se vai escribir.
 - Facer unha relación cos feitos que se coñecen da vida desa persoa e seleccionar os máis relevantes.
 - Organizar en tres parágrafos a información seleccionada: presentación da persoa, a súa infancia; descrición da vida e logros da persoa; conclusión coa actividade presente da persoa ou o final da súa vida, destacando o máis importante dela dende o propio punto de vista.
 - Revisar e corrixir os posíbeis erros de forma e de organización de contidos.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

Expresar condicións, desexos e arrepentimento utilizando as estruturas máis adecuadas para iso.

- *First, second and third conditionals.*
- *Unless, even if, as long as, providing that.*
- Transformacións: oracións condicionais.
- Desexos e reproches.

B. Léxico – semántico

- Os alimentos e as dietas.
- Substantivos + preposicións.
- Os sentidos.

C. Fonética

- Acento e ritmo da oración.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Reflexión sobre as semellanzas e as diferenzas entre culturas.
- Valoración da lingua inglesa como medio de acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Uso de rexistros adecuados ao contexto comunicativo, ao interlocutor e á intención dos que participan na interacción.

TERCEIRA AVALIACIÓN

UNIT 7: Personality

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de textos orais e escritos relacionados con distintos aspectos da personalidade e do carácter. Aplicar para iso estratexias que favorezan a comprensión de termos descoñecidos.
2. Participar con fluidez en conversas sobre diversos aspectos do tema xeral: describir e comparar persoas e os seus aspectos e caracteres. Utilizar as estratexias de comunicación e o tipo de discurso máis adecuado á situación comunicativa.
3. Ler de xeito autónomo información procedente de textos relativos a cuestións de actualidade que resulten de interese para o alumno.
4. Redactar textos que requiran un traballo de planificación e elaboración reflexiva dos contidos, coidando sempre a corrección formal e a cohesión do redactado.
5. Empregar de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autocorrección que favorezan a autonomía na aprendizaxe.
6. Analizar, coa axuda de documentos auténticos, manifestacións culturais transmitidas a través da lingua inglesa. Enriquecer esta análise coa axuda das outras linguas e culturas coas que estea familiarizado o alumno.
7. Utilizar rexistros adecuados segundo o contexto no que se desenvolve a comunicación.
8. Asimilar contidos que poden resultar beneficiosos para o futuro persoal e profesional do alumno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de obter información global e específica de textos orais e escritos relativos á personalidade e ao carácter, aplicando para iso estratexias que favorezan a comprensión de termos descoñecidos.
2. Participa con fluidez en conversas sobre o tema xeral: describe e compara persoas no relativo ao seu aspecto físico e carácter, utilizando para iso estratexias de comunicación adecuadas así como o discurso máis apropiado á situación de comunicación.
3. É quen de ler de xeito autónomo información procedente de textos que lle resultan de interese.
4. Pode redactar textos aplicando a planificación e elaboración reflexiva necesarias para conseguir unha corrección formal e a coherencia do redactado.
5. Sabe usar de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos e sociolingüísticos adquiridos e é quen de aplicar de xeito rigoroso os mecanismos de autocorrección que favorezan a súa autonomía na aprendizaxe.
6. Analiza manifestacións culturais transmitidas pola lingua inglesa e é quen de enriquecer esta análise axudándose doutras linguas e culturas da súa contorna próxima.
7. Utiliza o rexistro adecuado a cada situación de comunicación.
8. É quen de asimilar contidos que lle resultarán beneficiosos para o seu futuro persoal e profesional.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo á relación entre a herdanza xenética e ao carácter das persoas (*Born with it?*).

- Predición do contido do texto de lectura a través das preguntas suscitadas e a descrición das imaxes mostradas.
- Obtención de información global e específica para organizar datos nunha táboa, completar oracións relativas ao texto e identificar léxico que se corresponda cos sinónimos ou definicións propostos.
- Análise da estratexia de comprensión escrita suscitada para reescribir oracións co mesmo significado a partir doutras sacadas do texto.

SPEAKING

- Uso de símiles e expresións idiomáticas para describir o aspecto ou a personalidade dunha persoa.
- Práctica de expresións para describir o aspecto e a personalidade dunha persoa e comparala con outra.

LISTENING

- Predición do contido dunha gravación por medio de imaxes e preguntas.
- escoita comprensiva dunha entrevista radiofónica cunha psicóloga de familia acerca da influencia dos irmáns nas persoas.
- Obtención de información global e específica da gravación para contestar as preguntas suscitadas.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase.

WRITING

- Comprensión global e específica da información contida nunha descrición.
- Práctica da orde dos adxectivos na frase para utilizalos nas descrições.
- Reflexión sobre a estratexia de escritura proposta para realizar a descrición dunha persoa.
- Redacción da descrición dunha persoa admirada de acordo coas seguintes pautas:
 - Decidir sobre a persoa que se vai describir.
 - Tomar notas sobre a idade, aparencia física, personalidade, posíbeis comparacións e a opinión que se ten desa persoa.
 - Organizar en parágrafos a descrición dividíndoa en tres partes: introdución, descrición e conclusión.
 - Revisar e corrixir o escrito atendendo á forma e á coherencia do texto.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

Traballar todos os aspectos das formas en -ing e o infinitivo.

- Uso do xerundio e do infinitivo.
- Verbos + xerundio /infinitivo.

Cubrir todos os aspectos dos artigos.

- Artigo determinado.
- Artigo indeterminado.
- Ausencia de artigo.

B. Léxico – semántico

- Adxectivos que describen a personalidade.

- Adxectivos compostos.
- Símbolos e frases idiomáticas.

C. Fonética

- O *-s* final do presente simple.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURALS

- Reflexión sobre outros modos de organizar a experiencia, co fin de desenvolver actitudes de tolerancia cara a outras convencións culturais.
- Valoración da lingua inglesa como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Reflexión acerca das similitudes e das diferenzas entre culturas.
- Recoñecemento da lingua inglesa para aprofundar en coñecementos que resultarán de interese tanto na vida persoal coma profesional do alumno.

UNIT 8: Work

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas relacionadas con distintos aspectos do traballo. Utilizar as estratexias necesarias para inferir o significado de datos descoñecidos e demostrar que se entenderon as tarefas propostas.
2. Participar con fluidez en conversas relacionadas con aspectos sociais e culturais dos países onde se fala inglés, neste caso a traxectoria laboral de mozos británicos e norteamericanos dende que deixaron os estudos.
3. Ler de forma autónoma información procedente de textos relativos a temas de interese xeral, e tamén atractivos para os mozos: gran variedade de tipos de empregos.
4. Redactar, coa axuda de modelos, textos previamente planificados e elaborados dende o punto de vista tanto formal coma de contidos.
5. Utilizar de forma reflexiva os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e estratéxicos adquiridos. Aplicar con rigor mecanismos de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe.
6. Valorar a efectividade das regras adquiridas por procesos indutivo-dedutivos, e mostrarse disposto a modificalas cando sexa necesario.
7. Identificar elementos xestuais e patróns de comportamento diferentes entre grupos dunha mesma comunidade lingüística e entre membros de culturas diferentes.
8. Utilizar rexistros adecuados e ter en conta o contexto no que se produce a comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. O/A alumno/a é quen de extraer información global e específica de mensaxes orais e escritas acerca dos distintos aspectos do traballo e da vida laboral. Ten capacidade para inferir datos descoñecidos e demostrar que entende o que se lle pide que faga.
2. Participa en conversas sobre o tema, descubriendo no proceso aspectos sociais e culturais dos lugares onde se fala a lingua inglesa.
3. É quen de ler por si mesmo textos que lle resultarán interesantes por estar relacionados cun posíbel futuro profesional.
4. Planifica e redacta textos escritos prestándolle atención tanto á forma coma ao seu contido.
5. Emprega de forma reflexiva os coñecementos que foi adquirindo, e aplica de forma rigorosa os mecanismos de autocorrección necesarios.
6. Valora as normas que se propoñen e móstrase disposto a variarlas se é necesario.
7. É quen de identificar xestos e patróns de comportamento de persoas pertencentes a distintas culturas.
8. Utiliza conscientemente rexistros adecuados ao contexto de comunicación no que se atopa.

CONTIDOS

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

READING: texto relativo á experiencia temperá no mundo laboral de tres mozos de fala inglesa (*From classroom to office*).

- Obtención de información específica para responder a preguntas de comprensión utilizando as propias palabras e identificar os sinónimos e definicións propostas con léxico do texto.
- Análise da estratexia proposta para mellorar a destreza de comprensión escrita de cara á realización dun exame, aplicando os pasos suxeridos.

SPEAKING

- Práctica das fórmulas adecuadas para comprobar a información recibida.
- Uso de expresións que confirman, negan ou aclaran a información dada.
- Utilización do rexistro adecuado en cada situación comunicativa.

LISTENING

- Predición do contido da gravación por medio de preguntas e da descrición das fotos suxeridas.
- Obtención de información global e específica dunha entrevista de traballo para responder a preguntas de comprensión e completar con datos unha ficha.
- Aplicación da estratexia proposta para mellorar o rendemento ante unha proba de comprensión oral.
- Atención á corrección formal durante a realización dun ditado na clase.

WRITING

- Análise dunha carta formal de modelo e o anuncio ao que se contesta para responder a preguntas relativas a este.
- Estudo e posta en práctica do uso da linguaxe formal e informal segundo as circunstancias.
- Reflexión cerca da redacción aplicando a estratexia proposta para redactar unha carta formal.
- Redacción dunha carta formal onde se solicita un emprego, dando as razóns da solicitude e solicitando un modelo para realizala, e atendendo ás seguintes pautas:
 - Considerar o traballo que se anuncia e o interese e capacidade que se teñen para realizalo.
 - Organizar o contido en catro parágrafos seguindo o modelo proposto.
 - Comprobar o uso adecuado da linguaxe formal e da presentación da carta, incluíndo todos os elementos requiridos neste tipo de textos.

II. REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. Funcións da linguaxe e da gramática

- Modals
- Estilo indirecto
- Voz pasiva

B. Léxico – semántico

- Vocabulario relacionado con el mundo laboral
- Verbos con preposición
- *Phrasal Verbs (4): get, put.*

C. Fonética

- Os sons /f/, /dʒ/, /tʃ/ y /st/

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAI

- Identificación de trazos significativos da lingua inglesa.
- Valoración positiva de patróns culturais distintos dos propios.
- Uso de rexistros adecuados segundo o contexto comunicativo, o interlocutor e a intención dos interlocutores.
- Recoñecemento da importancia do inglés para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional do alumno.

EXAM PRACTICE

Son 5 textos que se irán facendo a o longo do curso, xunto con outros textos de selectividade de distintas comunidades autónomas, especialmente Galicia. Faranse alomenos dous textos cada mes, ademáis do do exame da avaliación e o final.

OBXECTIVO XERAL

Ofrecerlles aos alumnos a posibilidade de practicar contidos propios dun exame nas súas condicións típicas.

CONTIDOS

EXAM PRACTICE A: FOOD

READING: artigo relativo a unha nova filosofía aplicada á forma na que nos alimentamos.

- Comprensión de información global e específica para identificar respostas verdadeiras e falsas, responder a preguntas de comprensión utilizando as nosas propias palabras, identificar sinónimos e completar frases con información procedente do texto de lectura.
- Reflexión acerca da destreza de comprensión escrita coa axuda do apartado *Steps to reading success* (respostas de verdadeiro/falso).

WRITING

-Escribir un resumo do texto en 30-40 palabras.

- Selección dun dos temas propostos (descrición dun lugar; descrición das vantaxes e dos inconvenientes da globalización na industria alimenticia) para redactar un texto de entre 80 e 120 palabras sobre este.

LISTENING

- Preparación previa á escoita dunha gravación acerca da chamada "comida lixo".
- Escoita comprensiva do texto para responder a cuestións de *multiple choice*.

- **EXAM PRACTICE B: NATURAL DISASTERS**

READING: artigo relativo a un posible desastre natural derivado da erupción do volcán Cumio Vello (*The power of the sexa*).

- Comprensión de información global e específica para responder a preguntas de comprensión coas nosas propias palabras, identificar frases verdadeiras e falsas, encontrar sinónimos, escoller a opción

correcta entre varias posibles para completar frases, razoando ademais a nosa elección, e resumir o texto en 50 palabras.

- Reflexión acerca da destreza de comprensión escrita coa axuda do apartado *Steps to reading success* (responder utilizando as nosas propias palabras).

WRITING

-Escribir un resumo do texto en 30-40 palabras.

- Selección dun dos temas propostos (comentario acerca dos perigos que supoñen hoxe en día os desastres naturais para a humanidade; carta ao goberno español para explicar o importante que é controlar a actividade sísmica do volcán Cumio Vello) para redactar un texto de entre 80 e 120 palabras sobre este.

LISTENING

- Preparación previa á escoita dunha gravación acerca dos fenómenos meteorolóxicos coñecidos como tornados.
- Escoita comprensiva do texto para responder a cuestións de *multiple choice*.

SPEAKING

- Descrición do que está ocorrendo nunha foto.
- Realización dun intercambio comunicativo por parellas acerca da situación que se propón: unhas fortes inundacións deixaron a nosa cidade sen electricidade, e debemos organizar o rescate das persoas afectadas.
- Reflexión acerca da destreza de expresión oral coa axuda do apartado *Steps to speaking success* (falar acerca das situacións que se nos preguntan nun exame).

EXAM PRACTICE C: CRIME AND PUNISHMENT

READING: artigo relacionado co tema dos castigos que os pais lles deben aplicar aos seus fillos (*To smack or not to smack?*).

- Comprensión de información global e específica para responder a preguntas de *multiple choice*, utilizar as nosas propias palabras para responder ás preguntas presentadas, encontrar sinónimos, completar frases con información procedente do texto e resumir a lectura aproximadamente en de 50 palabras.
- Reflexión acerca da destreza de comprensión escrita coa axuda do apartado *Steps to reading success* (responder a preguntas de *multiple choice*).

WRITING

- Escribir un resumo do texto en 30-40 palabras.
- Selección dun dos temas propostos (vantaxes e inconvenientes de prohibir os castigos físicos nas escolas; comentario acerca da seguinte afirmación: “os castigos físicos non teñen lugar nunha sociedade civilizada, independentemente de que vaian dirixidos a nenos ou a adultos” para redactar un texto de entre 80 e 120 palabras sobre isto.

LISTENING

- Preparación previa á escoita dunha gravación acerca da historia dos cárceres no Reino Unido.
- Escoita comprensiva do texto para responder a cuestións de *multiple choice*.

SPEAKING

- Descrición do que está ocorrendo nas fotos que se mostran.
- Realización dun intercambio comunicativo por parellas acerca do tema que se propón: a ameaza do castigo é necesaria para evitar que as persoas se comporten mal.
- Reflexión acerca da destreza de expresión oral coa axuda do apartado *Steps to speaking success* (debater o tema proposto).

EXAM PRACTICE D: IMMIGRATION

READING: artigo relativo á cuestión do traballo entre os inmigrantes que residen no Reino Unido (*Who stole my job?*).

- Comprensión de información global e específica para responder a preguntas utilizando as nosas propias palabras, reescribir varias frases sen cambiar o seu significado, identificar sinónimos de termos dados e resumir a lectura aproximadamente en de 50 palabras.
- Reflexión acerca da destreza de comprensión escrita coa axuda do apartado *Steps to reading success* (reescribir frases en inglés sen que varíe o seu significado).

WRITING

-Escribir un resumo do texto en 30-40 palabras.

- Selección dun dos temas propostos (biografía dunha persoa que se viu obrigada a abandonar o seu país; carta a un amigo que se trasladou a outro país) para redactar un texto de entre 80 e 120 palabras sobre isto.

LISTENING

- Preparación previa á escoita dunha gravación acerca dun *reality show* destinado a lles ofrecer axuda aos inmigrantes que solicitan a chamada *green card* (carta ou tarxeta verde) en Estados Unidos.
- Escoita comprensiva do texto para responder a cuestións de *multiple choice*.

SPEAKING

- Descrición do que está ocorrendo nunha foto.
- Realización dun intercambio comunicativo por parellas acerca do tema que se propón: entrevista a unha persoa que viu vivir ao noso país.
- Reflexión acerca da destreza de expresión oral coa axuda do apartado *Steps to speaking success* (responder de forma efectiva).

EXAM PRACTICE E: MOBILE TECHNOLOGY

READING: artigo relativo aos perigos que presenta o uso do teléfono móbil (*Are mobiles too good to be true?*).

- Comprensión de información global e específica para responder a preguntas utilizando as nosas propias palabras, identificar sinónimos de termos dados, unir proposicións utilizando a partícula *which*, e resumir o texto aproximadamente en 50 palabras.
- Reflexión acerca da destreza de comprensión escrita coa axuda do apartado *Steps to reading success* (encontrar sinónimos).

WRITING

-Escribir un resumo do texto en 30-40 palabras.

- Selección dun dos temas propostos (carta aos pais dun colexio para explicar a decisión de prohibir o uso de móbiles nel; comentario acerca das vantaxes e dos inconvenientes dos teléfonos móbiles) para redactar un texto de entre 80 e 120 palabras sobre iso.

LISTENING

- Preparación previa á escoita dunha gravación acerca das melodías que se utilizan nos teléfonos móbiles a modo de ton de chamada.
- Escoita comprensiva do texto para responder a cuestións de *multiple choice*.

SPEAKING

- Descrición do que está ocorrendo nas fotos que se mostran.
- Realización dun intercambio comunicativo por parellas a favor e en contra do uso do teléfono móbil.
- Reflexión acerca da destreza de expresión oral coa axuda do apartado *Steps to speaking success* (debater o tema proposto).

E- MÍNIMOS EXIXIBLES

Os contidos mínimos serán os incluídos na parte de gramática e vocabulario de cada unidade. Quedan excluídos, a efectos de exames de recuperación, especialmente en Setembro, os apartados de Fonética, Aspectos Socio culturais e os temas transversais.

Só se lles esixirá os alumnos un dominio axeitado da gramática e vocabulario básicos incluídos en cada unidade, tanto en exame escrito, como oral.

G/H- ACTIVIDADES E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Non hai posibilidades de levar a cabo un programa específico de reforzo para a recuperación de materias pendentes dentro do horario lectivo, fora da aula normal, aparte do grupo. O reforzo suporá unha maior atención ós alumnos pendentes e un maior control sobre as súas actividades, tanto deberes a facer na casa coma na aula.

Ademáis, tendo en conta que no 2º curso se repiten os contidos do 1º curso, con pequenas introduccións de novos contidos e unha complexidade que vai medrando paulatinamente, este curso é un repaso –reforzo- do anterior, o único se necesita é un cambio de actitude no alumno.

O método ideal para a recuperación da Lingua Inglesa, é a superación da materia no nivel que cursa actualmente o alumno. De feito, nos últimos cursos, a maioría das recuperacións de pendentes producíronse pola súa actitude e o seu rendemento durante o curso. O problema é que algúns alumnos non acadan o aprobado cando teñen a materia pendente.

Tamén se lle proporá aos alumnos un esforzo especial no 1º trimestre, no que sempre se fai un repaso dos contidos anteriores e, ven mediante o aprobado neste trimestre ou mediante un exame especial de contidos mínimos do curso pendente, poderán superar a materia.

Polo tanto, a materia pendente poderase recuperar:

-Aprobando o curso actual.

-Aprobando todos os exames da 1ª avaliación, realizando os traballos de forma correcta e tendo unha actitude positiva hacia a asignatura.

-Coma nos anos anteriores, realizando un exame de toda a materia a finais de Xaneiro ou a finais de Abril.

I-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, ademais da final, e da correspondente á convocatoria de setembro.

Ao tratarse do ensino dunha lingua consideramos a asistencia ás clases como indispensable para poder valorar a capacidade comunicativa do alumno en devandita lingua e para avaliar o traballo diario no aula.

Para outorgar a cualificación correspondente a cada avaliación, teranse en conta ademais de, polo menos, dous exames escritos, previamente anunciados

ao longo do trimestre, calquera exercicio recollido dos realizados durante a clase, o traballo realizado polo alumno na casa, a súa actitude e todos os aspectos que poidan axudar ao profesor a alcanzar unha valoración o máis xusta e obxectiva posible dos méritos do alumno. Esta valoración será responsabilidade exclusiva do profesor do grupo. Nos exercicios realizados polos alumnos valorarase non só a cantidade de erros e acertos senón tamén a importancia dos mesmos.

No Segundo curso, aparte do/s exames sobre os contidos do libro de texto, recolleránselles dúas probas tipo selectividade, alomenos, que contarán coma exames.

O 80% da nota corresponderá ás probas escritas, quedando o 20% restante para valorar a parte oral da asignatura - listening e speaking- actitude, participación, etc... Para a valoración deste 20% será necesaria a asistencia regular ás clases, sendo esta, requisito indispensable para aprobar a asignatura.

O aprobado require obter un 50% en cada unha das dúas partes mencionadas no párrafo anterior.

A cualificación final non se baseará na nota dun único exame, nin será a media das avaliacións, senón que se estimará segundo o nivel alcanzado polo alumno durante todo o último trimestre, tendo en conta todas as probas realizadas así como todas as notas de clase, valorando que a nota media das avaliacións leve unha progresión ascendente

Os alumnos de bacharelato que perdan o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia ás clases –que cheguen ás 18 horas sen xustificar, segundo figura no PCC- deberán realizar unha proba final que incluírá unha proba oral, un Listening e un exame de gramática con todos os contidos do curso. No caso de 2º de Bachillerato, ademais das probas citadas, devanditos alumnos realizarán tamén un texto de Selectividade.

O aprobado require obter un 50% en cada unha das partes mencionadas.

Aqueles alumnos que teñan que presentarse á convocatoria de setembro serán avaliados polos coñecementos demostrados nese exame exclusivamente (exame que pode incluír unha comprensión oral) e a súa cualificación será calquera das comprendidas entre 1 a 10.

J-PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS.

Todos os contidos e coñecementos nun idioma son progresivos.

A observación e corrección do traballo diario (exercicios, redaccións, textos, diálogos, listenings,,...), así como dos exames, daranlle ó profesor unha idea moi completa do progreso do alumno tanto da adquisición de coñecementos coma da progresiva mellora da fluidez na utilización dos mesmos.

K-CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Xa foron establecidos anteriormente.

L-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía para aprendizaxe/ensino dun idioma, tendo en conta os excelentes materiais dos que dispoñemos, podería ser simplemente seguir o texto e os materiais complementarios. O problema maior que nos atopamos os profesores é a falla de tempo. Non podemos utilizar nin a metade dos materiais complementarios que nos proporcionan as editoriais.

De tódolos xeitos, se a ratio e adecuada, coma nos últimos anos, propoñémonos os seguintes retos:

-utilización do Inglés coma lingua vehicular na aula.

-Participación continua dos alumnos na clase, de xeito que non teñan tempo de distraerse e, incrementando o traballo, logren un mellor rendimento e motivación.

-Aceptación do erro/incorrección coma parte da didáctica, de maneira que os alumnos non se sintan coartados á hora de expresarse, e se decaten de que aprender é practicar, tratando de darse conta deles, e ilos superando pouco a pouco.

-Utilización do material multimedia, Cd-Rom interactivo, video, páxinas web, para realizar unha gama variada de actividades que resulten motivadoras e atractivas para os rapaces.

-Fomentar a lectura, coma o mellor método de aprendizaxe de vocabulario. No 1º curso de Bacharelato trataráse de ir introducindo textos sinxelos de selectividade e/ou os textos que incluídos no Teacher's Resource Book.

En 2º de Bacharelato, procurarase que fagan o maior número de textos da selectividade Galega que sexa posible, mínimo de 1 cada dúas semanas, para que se acostumen a ler de corrido, resumir (que lles resulta realmente difícil) e a contestar o tipo específico de preguntas do exame que terán que facer na Selectividade.

-Mellorar as capacidades de comprensión i expresión oral, mediante a utilización da maior parte do material de que dispoñemos. No 2º curso, utilízanse prioritariamente os listenings da Selectividade.

Tamén, dentro das posibilidades de cada grupo, tratarase de que vexan algunha película ou trozo en V.O.; ou que vexan vídeos ou novas sobre temas de actualidade e realicen algún traballo .

M-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

1º DE BACHARELATO - "ENGLISH IN CONTEXT 1

2º DE BACHARELATO- "ENGLISH IN CONTEXT 2

Para ambos cursos:

-Teacher's resource book.

-DVD.

-CDs e CD-rom interactivo.

-Lecturas, especialmente relacionadas coa selectividade. Sinxelas, tipo selectividade andaluza, para 1º, e textos de selectividade galega para 2º.

-Listenings da selectividade galega para 2º.

-Lecturas graduadas da biblioteca do Departamento de Inglés.

-DVDs de cine da cinemateca do instituto.

N-PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son algo que debe ir incluído nas unidades de maneira natural, con textos, temas, opinións e actividades que presenten unha sociedade avanzada, con igualdade de oportunidades para ambos sexos, desexosa de paz, hábitos saudables, respetuosa co medioambiente, etc. O profesor procurará que o ambiente na clase reflexe estes valores, por exemplo:

- Tratando de maneira igual a nenos e nenas-
- Sendo respetuoso cos alumnos e esixíndolles respeto con el/ela e cos compañeiros-
- Mostrando actitudes a favor da paz-
- Seguindo hábitos saudables.
- Apagando as luces cando non son necesarias ou mandando cerrar radiadores, en vez de abrir as ventanas.
- Etc.

De todos os xeitos, en ambos cursos, hai lecturas e proxectos relacionados con varios dos temas transversais que se inclúen no PCA, que nos permitirán facer algún proxecto, redacción, discusión, etc. sobre ditos temas; especialmente coincidindo con algunhas das fechas que se citan a continuación.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos

Educación moral e cívica

Educación para a paz

Educación para a saúde

Educación ambiental

Educación sexual

Educación do consumidor

Educación vial

Lista de datas idóneas para motivar a reflexión e o traballo sobre os temas transversais tanto por medio de actividades normais da aula coma por medio de actividades extraordinarias.

- 16 de outubro: Día mundial da alimentación.
- 17 de outubro: Día mundial da erradicación da pobreza.
- 20 de novembro: Día dos dereitos do neno e da nena.
- 1 de decembro: Día mundial da SIDA.
- 3 de decembro: Día internacional das persoas con minusvalías.
- 6 de decembro: Día da Constitución española.

10 de decembro:	Día dos dereitos humanos.
30 de xaneiro:	Día escolar da non-violencia e da paz.
8 de marzo:	Día internacional da muller.
15 de marzo:	Día internacional do consumidor.
21 de marzo:	Día internacional para a eliminación da discriminación racial.
22 de marzo:	Día mundial da auga.
7 de abril:	Día mundial da saúde.
9 de maio:	Día de Europa.
31 de maio:	Día mundial sen tabaco
5 de xuño:	Día mundial do medio ambiente

O-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Dentro de cada unidade hai actividades de reforzo para alumnos que necesitan consolidar os coñecementos mínimos, e de ampliación, que permiten darlles unha atención axeitada aos alumnos máis avanzados, segundo as necesidades e o ritmo de aprendizaxe de cada un. Por exemplo, mentres que un alumno con problemas realiza exercicios de repaso e consolidación, un alumno avanzado poderá ler un libro axeitado ó seu nivel e mesmo facer un resumo.

-No 1º curso os alumnos terán que escribir unha redacción en cada unidade, e tratarase de que se decaten de cada un debe redactar ó seu nivel, e que se poden expresar opinións ou narrar acontecementos a moi distintos niveis de complexidade tanto de vocabulario, coma de construción dun texto.

-No 2º curso sucede o mesmo, pero tamén haberá que tratar que os alumnos con menos nivel, aprendan a sacar a información que se lles pide dun texto sin entender todo, e a non complicarse a vida á hora de elaborar as respostas.

No *Teacher's Resource Pack*, un dos seus compoñentes, o *Photocopy Masters Book*, o profesor dispón de páxinas fotocopiábeis de consolidación e de ampliación por unidade.

P- PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividade	Trimestre	Grupo/Profesores
Proxección de Películas adecuadas. Con actividades de preparación previa e traballos posteriores.	1º,2º,3º	Todos os grupos Todos os profesores
Viaxe a Londres	2º	1º E 2º Bacharelato Carmina Aguado
	1º, 2º, 3º	todos

Programación de *English in Context 2* para 2º Bacharelato

Proxecto lector Lecturas graduadas, colectivas ou individuais no 1º ciclo da ESO e individuales no 2º ciclo.		
Teatro	1º ou 2º	Bacharelato Carmina Aguado